

FICHA TÉCNICA

Formas tradicionais da cerâmica popular

SAMOS

Luís Hixinio Flores Rivas
Orlando Viveiro Veiga

Nas parroquias do concello de Samos de tradición oleira, ao espazo onde se sitúa o forno chámasele “oficio” e adoita estar integrado no conxunto da casa familiar, sendo este, por si mesmo, un elemento diferenciador desta zona en comparanza con outras bisbarras oleiras de Galicia. O estudo que lles presentamos móstranos o conxunto patrimonial e social que rodeou esta produción artesá na súa contorna xeográfica e no seu ámbito de influencia, entendido este como aqueles lugares e xentes aos que as pezas producidas en Samos lles foron chegando ao longo do tempo. Os autores poñen en valor os lugares de fabricación, as persoas que as fixeron e as propias pezas en si mesmas. Os materiais, as técnicas, as formas empregadas en cada tipo de cacharro son estudadas minuciosamente e fannos ver que a olería producida en Samos ten características propias, distintas doutras zonas da provincia de Lugo e Galicia.

A cerámica de Samos é única. A singularidade percíbese nas pezas, na súa feitura e incluso na súa cor. As olas coas paredes laterais achaiadas, os barreñóns deseñados cunhas paredes máis verticais e de dúas a catro asas para facilitar o seu agarre e manexo, as ámboas cunha forma esférica con tendencia ao alongamento e cun número variable de vincos, en forma de ondas, rodeando o corpo principal son exemplos

que mostran unha estética propia da olería de Samos. Unha visible variedade de modelos nos que a robustez nos bordos, bocas, pichos e asas aparece como unha característica común, sen perder finura na execución nin beleza na forma.

Os tamaños das ámboas, as catro asas dos barreñóns, as dobres bocas das meleiras, os bicos das xarras, as donduras das pucheiras ou as achaiaduras de olas ou barrís son mostra clara dunha técnica superior, de auténtica mestría, que durante séculos foi desenvolvida por un conxunto de habelenciosos artesáns nestas parroquias de Samos.

Este libro vén sendo como o picarelo na casa do oleiro. O sinal que nos indica aos demais o que se atopa embaixo del, o oficio que alí se desenvolve e a destreza coa que se traballou. Desde a Área de Turismo e Cultura da Deputación de Lugo, a través do CENTRAD, consideramos a publicación deste estudo unha obriga coas nosas funcións públicas, un testemuño que nos devolve un ben cultural de incalculable valor para o conxunto da sociedade en xeral.

Pilar García Porto,
Deputada de Cultura

Das catro zonas oleiras da provincia de Lugo, Bonxe, Gundivós, Mondoñedo e Samos, a de Samos foi, probablemente, a menos coñecida e estudada. Da cerámica de Samos existen referencias documentais seculares que certifican a existencia e implantación da actividade oleira na zona, cando menos, desde o século XVIII. As investigacións vertidas neste libro móstrannos a existencia desta actividade artesá nas parroquias de Calvor, Renche, Romelle ou Santa María de Loureiro. Un oficio que fica na memoria de moi poucos veciños e que se testemuñou vivo ata os primeiros anos da década dos cincuenta do século XX. As súas formas, tipoloxías, técnicas e lugares de desenvolvemento son traídos á luz con este traballo, que nos devolve a todos os útiles creados durante centos de anos para o uso diario, un conxunto de cacharros que lle serviu ben e de forma duradeira ao día a día das comarcas do sur da nosa provincia, aspecto que se referenda no estudo de cada unha das pezas, certificando a súa procedencia e lonxevidade.

Os barraxeiros ou louceiros, como se coñeceu na zona o oficio, foron un colectivo de artesáns asentado nas terras circundantes ao antigo couto do mosteiro bieito de Samos, tamén implicado na produción, tal e como nos mostra un dos fornos catalogados no traballo que lles estamos a presentar. Ademais das súas formas propias, a cerámica de Samos destaca polos seus fornos, xa que presentan unhas características particulares que os diferencian doutros ámbitos xeográficos de produción oleira na provincia de Lugo e en Galicia. Estes fornos teñen dúas cámaras separadas, unha superior para a cocción e outra inferior para a combustión da leña, ademais, nalgún dos casos que se referencian, trátase de edificacións que forman parte do conxunto construtivo da vivenda. O traballo lévanos, tamén, polas canles de distribución e venda destes cacharros: as feiras. Tres feiras, para sermos concretos, son citadas: a da Asfarrapa, en Santiago de Cedrón; a de Castroncán e a da

Campa da Choza, na Ponte de Lóuzara. As tres situadas en cruzamentos de camiños, puntos de encontro onde se xuntaban os nosos antergos para o comercio e intercambio, lugares de seu para a venda dos produtos elaborados polas persoas que se dedicaban ao exercicio de diferentes oficios tradicionais.

O estudo abarca todo o conxunto de elementos imprescindibles que rodean as pezas, os obxectos. Elementos materiais como fornos, apeiros, obradoiros ou os lugares de extracción dos barros, centros de comercialización pero, tamén, aqueles elementos inmateriais que axudan a explicar e contextualizar a orixe, a vixencia e, mesmo, a extinción do oficio. As técnicas, unha estrutura social ao redor da súa produción, uns lazos invisibles xorden seguindo a viaxe dos cacharros de arxila desde as lameiras aos talleres, ás feiras e ás casas que lles deron uso. Como cumio os topónimos e o nome daquelas persoas que fixeron deste oficio o seu mundo; a memoria colectiva que aínda os mantén vivos para nós.

Todas estas cuestións e outras moi importantes, como a exhaustiva catalogación de pezas -descritas con precisión e elegancia nos aspectos formais, materiais e funcionais-, que foron finamente debulladas polos autores do traballo e ilustradas profusamente cun impresionante aparello gráfico de fotografías e debuxos, definen a oportunidade e necesidade desta nova publicación do CENTRAD. Con ela poñemos en valor a olería tradicional galega, traemos ao presente a histórica zona de produción de Samos, fomentando o seu coñecemento para poder divulgar unha parte esencial do patrimonio cultural e artesán da nosa provincia, ao tempo que contribuímos a preservalo da súa desaparición no fuscallo do esquecemento.

Darío Campos Conde

Presidente da Deputación provincial de Lugo

Presentación

A xa arredada no tempo publicación do referencial traballo de investigación¹, realizado por D. Luciano García Alén, onde se recollen as distintas manifestacións da cerámica popular, que tradicionalmente se produciron en Galiza, determinou un antes e un despois nesta parcela do noso patrimonio cultural, até ese intre totalmente esquecida. A obra mencionada contribuíu de forma sustancial a coñecer e divulgar as formas producidas e os diferentes lugares do territorio galego onde xurdiu e se desenvolveu este oficio ancestral, recollendo datos por boca dos propios artesáns e mesmo de persoas que tiveran ocasión de coñecer de primeira man o seu proceso. Un dos puntos nos que fica constancia de que houbo práctica da fabricación de cacharros de barro comprende varios lugares do lucense concello de Samos, onde se documenta a existencia de obradoiros produtores de pezas cerámicas que posteriormente eran transportadas até as feiras próximas para a súa comercialización. A día de hoxe apenas se conserva memoria desta actividade se exceptuamos a publicación mencionada, un indeterminado

¹ GARCÍA ALÉN, Luciano: *La alfarería de Galicia, A Coruña, 1983.* (2 vols.)

número de pezas propiedade de diversas entidades e particulares e un, cada vez máis minguado, arquivo de acordos colectivo en posesión das persoas que residen ou son orixinarias das parroquias e lugares onde se desenvolveu esta industria.

Nos derradeiros meses de 2012 xurdira a idea de Luís Hixinio Flores de realizar unha mostra con



pezas producidas nas catro comarcas alfareiras encadradas xeograficamente dentro do marco administrativo da provincia de Lugo: Mondoñedo, Gundivós, Bonxe e a propia de Samos. A mostra ficou concretada durante o mes de febreiro de 2013, organizada polo CENTRAD dependente da Deputación Provincial. A presenza na mesma de cacharros elaborados nos obradoiros de Samos resultou especialmente



novadoso motivando diversas reflexións e análises. Daquela, unha cousa levou á outra e aquel proceso iniciado coa mostra antedita constituíu o xermolo deste traballo que agora se presenta. Con el procuramos contribuír ao coñecemento do mundo, formas e circunstancias que determinaron o desenvolvemento desta industria alfareira no contexto das citadas terras de Samos. Persoas protagonistas e lugares nos ca-

01
Santa María de Loureiro

02
Samos



03

les medrara ao longo dos séculos sendo quen de trasladar o seu recordo até o presente, momento no que se acentúa a necesidade de conservar e poñer en valor o patrimonio recibido de modo e maneira que fique asegurado para deixar en herdanza ás persoas que veñan detrás de nós. Na elaboración do traballo contamos coa inestimábel colaboración de moitas persoas, cada unha proporcionando unha parte relevante da información que nel se recolle. Cómpre recoñecer tales contribucións na xusta medida aclarando que, de non ter existido, sería de todo punto imposible a realización deste. É, xa que logo, esta achega unha obra colectiva e de tal modo a presentamos.



04

Obrigados a Lolo de Anseán polo seu amor ao traballo do barro, que vén de lonxe, compartindo coñecementos e segredos de oficio cos vellos cachaerros. A Xerardo Alvaredo, adiantado coñecedor dos mundos que falamos, os cales tivo privilexio de percorrer en moitas ocasións, acompañando a seu pai, e que desinteresadamente compartiu con nós. A Xerardo Caldas, quen nos ensinou a maneira de ver a “alma” que posúen as pezas transmitida a estas polos ar-

tesáns que as confeccionaron no intre de rematar a súa feitura enriba da roda. A Xaime de Samos que viaxara con nós polas terras asentadas á sombra do Pico da Meda acompañándonos ás feiras da Asfarrapa e Cedrón, conservadas unicamente no recordo colectivo. A Eloi Caldeiro, “oleiro de casa” e músico de herdanza, que nos permitiu compartir os seus mundos da infancia un día en Lourido Grande, por baixo do castro situado encol dun curuto outo e misterioso. A Manuel López, quen reparou cos seus ollos curiosos de neno nos singulares elementos construtivos que posúe a Casa de San Mamede, dende a cal viaxara con seu avó na procura do barro até os lugares de sempre. A Carlos de Lamartín, testemuña afortunada daquelas noites inmensas de fornadas e lume. Ao señor Amadeo de Ventura, casa antiga de cachaerros situada nesta vella ruta do barro. A Xulio Pérez Pereiras, investigador das historias e divulgador dos sentimentos das xentes asentadas polas terras de Samos, nomeadamente do Val de Lóuzara a súa tribo natal e orixinaria. A Carmelina de Antigüidades Calzada, que valora e conserva as cousas de nós dándolles o aprecio

que merecen. A Ramiro Ramos debuxante e investigador da nosa cultura e patrimonio quen estudou pedra a pedra os fornos utilizados polos vellos cachaerros e confeccionou os seus fermosos debuxos. Á Casa de Ribade Vilamelle, onde o antigo forno amosou por fin os segredos que ocultaba. A María Alén, pola súa disposición dende o primeiro intre. A Adolfo de Abel Vilela, Esther Celeiro, Xosé Ramón de Lastres, Francisco Gómez Montero, Benito Mourelo, Xosé Luis López Prado, Santiago Ramón González, José López Moure, Edesio Sangil Corral e Pedro López Quintero, pola súa sensibilidade e traballo polo noso patrimonio. Ao P. Xosé Luis Vélez prior do Mosteiro de Samos, que nos amosou os canos e as pequenas baldosas conservadas ao carón do peculiar forno descuberto nas intervencións arqueolóxicas. Ao Museo do Pobo Galego, o museo de nós, polo seu interese e axuda, ao Museo Provincial de Lugo, por ter as súas portas abertas sempre, á nosa cultura. A Xan Cuba, polo cualificado asesoramento na edición deste traballo. A Mario Outeiro, Xosé Ferreiro e Pilar García Porto, pola actitude animosa e apoio aberto a este proxecto.

Tivemos ocasión de coñecer polo miúdo aspectos das terras samonenses utilizando como guía a pormenorizada publicación, editada pola Fundación O Noso Lar e coordinada por Miguel A. Gómez Vázquez, que leva por título Concello de Samos: historia das súas parroquias. Obra presentada en catro volumes na autoría dos cales figuran investigadores tan recoñecidos como Amador López Válcárcel, Nicandro Ares, Carlos López, Xulio Pérez Pereiras. M.^ª do Carme Lamela Villaravid, e o sempre admirado e querido Xaime Delgado. A respecto do tema motivo da investigación propiamente dito, unha vez máis debemos apuntar o traballo publicado por D. Luciano García Alén, por conta do cal algún de nós descubrimos a existencia dos vellos cachaerros. Reiteramos o noso agradecemento a todas as persoas mencionadas nas liñas precedentes e facémolo extensivo a moitas outras coas cales tivemos ocasión de compartir tempo e conversas e que, sen figurar expresamente, teñen contribuído en maior ou menor medida á confección do estudo que presentamos, a todas elas obrigados.



05

03 e 04
Limpendo no forno de Pedro de Lulle

05
O forno limpo



Persoas e lugares

A paisaxe esvara por entre as fragas e soutos que enrodelan con súa frondosidade os outeiros mesturados coas valgadas sombrizas. Nos vales escorregan regatos cantareiros facendo reverdear a herba nos fondais por baixo dos lugares asentados en caídas soleadas á procura de amoroso abrigo. Os curutos maxestosos do pico da Meda e da Serra do Oribio circundan este vasto universo no cal fumegaran os fornos dos mestres alfareiros que exerceran seu oficio por terras do concello de Samos.

Gárdase memoria dos derradeiros artesáns que traballaran nesta arte: Manuel María de Capón, o “Capón de Lamartín” e Antonio Barreal, “o cacharreiro de Romelle”. Do primeiro deles, parente do músico e compositor Xoán Montes Capón, é sabido que a súa actividade rematara de forma repentina “á con-



ta dunha morte prematura acontecida polos anos corenta do século pasado”. Así o relata o señor Carlos, veciño do propio lugar de Lamartín, testemuña viva das voltas e reviravoltas propias do desenvolvemento deste oficio que acorda dende os tempos da súa mocidade. O barro chegaba procedente das Lameiras de Vilaceite, emprazamento situado na mesma parroquia de Santa María de Loureiro, transportado en carros. Despois había que botarlle auga, amasar e cortar coa fouce, até facer uns bolos que reunisen as condicións axeitadas para elaborar as pezas. Unha vez confeccionadas na roda poñíanse a enxugar e despois ían para o forno onde se enforaban, as máis grandes debaixo e a continuación as outras. De seguido tiña lugar o cocedoiro

consistente en atizar durante horas, vixiando de cando en vez a súa evolución até o remate. Facíanse olas para auga, ámboas, pucheiras, barreñóns e garrafas, entre outras pezas, que máis tarde se ían vender ás feiras de Lóuzara, Asfarrapa, e Castroncán transportadas en cargas que viaxaban acomodadas ao lombo de cabalerías que posuían estes cacharreiros.

En Romelle é dado aínda observar a vivenda e forno do outro artesán citado, Antonio Barreal, coñecido como “o cacharreiro de Romelle”. Este home, con probabilidade orixinario de Lamas, posuía seu obradoiro na Casa de Berxego onde fican restos do forno no que se cocían as pezas que el mesmo elaboraba e comercializa-

01
Panorámica de Lourido Grande

02
Detalle de inscrición nunha ámboa




03 ba máis tarde polas feiras da comarca. Cóntase que era esixente no acabado destas e cando unha non lle saía ao gusto arrebolaba o cacharro contra as pedras do camiño que arroteaba o forno. Da súa autoría suponse un barreñón no cal figura o nome, lugar e data de fabricación: “ano 1947, Antonio Barreal, Romelle”. Datos que permiten situar a fornada na que se cocera este barreñón como unha das derradeiras realizadas nesta comarca alfareira.

Contando con estes referentes para situarmos o fin da actividade, contra os anos cincuenta do século pasado, resulta máis dificultoso establecer con certeza os inicios da mesma podendo unicamente facer mención dos lugares e datas nos cales hai constancia de terse practicado. De tal modo podemos determinar que este oficio se desenvolveu en diversos puntos enclavados dentro do circundo que comprende o antigo Couto de Samos, circunstancia que nos leva a aventurar a posíbel relación dos seus inicios co antigo mosteiro bieito, de maneira semellante a como se estableceron outras industrias tal que as ferreírías localizadas pola comarca. As particularidades que posúen determinadas pezas fabricadas

nos obradoiros destes cacharros, nas cales aparece a lenda con data de elaboración e mesmo o nome dos artesáns que as modelaron, presentan información valiosa para establecermos a cronoloxía da dita actividade oleira. En tal sentido podemos constatar que gozaba de plena implantación a comezos do século XVIII, momento ao cal corresponden algunhas destas inscricións. A máis antiga delas, da cal temos coñecemento, figura nunha ámboa onde se pode ver o seguinte texto: “*Franco. antto. Gómez me fecio en Samos en 18 de agosto del año 1706*”. Outra ámboa conserva unha inscrición na que se pode ler “*mayo veintitrés del ochenta y uno me feçes Pedro Caldero en su casa y ofiçio*”. Curioso apuntamento que deixa oculto o século ao cal corresponde ese “*ochenta y uno*” e certamente ilustrativa a presenza do “ç” nas palabras *feçes* e *ofiçio*. Outras pezas conservan inscricións nas cales figura unicamente a data que as sitúa no primeiro terzo do mencionado século XVIII.

Por outra banda, existe confirmación documental de que a mediados deste século citado houbera traballando no oficio do que falamos, “*un fabricante de ollas*



04 de barro que obtiene cincuenta ducados al año”¹ no lugar de Perros, parroquia de Calvor, hoxe do concello de Sarria mais en tempos dentro do couto do mosteiro de Samos. Tamén na parroquia de San Mamede do Couto se dá conta da presenza de dous alfareiros, “*Joseph Fernández e Andrés Gómez, ambos traballando seis meses ao ano e percibindo dous reais cada día*”². Nos primeiros anos do século XIX atopamos noticias de cacharros que continúan realizando a mencionada actividade. Do primeiro deles fai mención un documento da Casa Grande de Estraxiz³, redactado a

¹ Catastro de Ensenada: Interrogatorio xeral da parroquia de S. Mamede de Couto, 1753.

² op. cit.

³ LÓPEZ RODRÍGUEZ-MADEIRA, Manuel: *Memorias dun pobo. Santiago de Estraxiz*, Lugo, 1996.



05 mediados do ano 1818, no cal figura un pago de “*nove reais por ducia e media de ladrillos que viñeron de Val*”. Outro documento fai mención dun “*Manuel López veciño de Valdelamas de profesión alfareiro*” quen figura como testemuña na presentación das probas para entrar a formar da Orde de Alcántara presentadas polo veciño de Estraxiz, Manuel Pardo Ribadeneira⁴.

Se falamos de nomes de casas, toponimia, tradición oral e mesmo restos materiais existe un abondoso conxunto de indicios que certifican a existencia de actividade, ao redor do barro, en determinados puntos da

⁴ CADENAS Y VICENT, Vicente: *Caballeros de la Orden de Alcántara que efectuaron sus pruebas de ingreso durante el s.XIX*, Madrid, 1956.

zona estudada. Tal é o caso que acontece en Lourido Grande, lugar da parroquia de Renche asentado ao abrigo do fermoso castro situado encol dun outeiro por enriba das vivendas que o conforman. Entre estas figuran a coñecida Casa de Caldeiro, chamado pouco común, relacionado co tema que tratamos tal como se apuntou anteriormente. Ao seu carón fica a Casa do Oleiro que formou parte da anterior e onde se conserva acorrido de ter existido xente que se adicara ao oficio do barro. A casa da Condese e apelidos como Barreal e o xa citado Caldeiro, existentes de vello neste lugar⁵,

⁵ GARCÍA RODRÍGUEZ DE BURRIANA, Aurora: “Padrón Xeral de Samos 1716. Freguesías do Partido do Camiño Francés. Lourido Grande”, en www.xenealoxia.org, 2004.

03
Carlos de Lamartin

04
Casa do Oleiro, Lourido Grande

05
As Barreiras



abondan na hipótese que relaciona Lourido Grande coa práctica e desenvolvemento desta industria. Preto do castro antes mencionado e a escasos metros das vivendas atopamos a Capela de San Fiz por baixo da cal se conservan restos dun arco configurado por pedras colocadas a chapacuña. Na tradición oral hai coincidencia en que esta estrutura fixera parte dun forno, propiedade do Mosteiro de Samos, onde se coceron tellas utilizadas no mencionado cenobio.

O camiño continúa en dirección a Santa María de Loureiro cando atopamos as vivendas de Lourido Pequeno situadas no inicio dunha pronunciada pendente que conduce até o lugar de Lamartín, ambos conxuntos facendo parte da mencionada parroquia. No primeiro dos puntos está situada a Casa de Ventura, onde queda constancia oral de ter existido actividade alfareira utilizando un barro extraído nas Barreiras e no Barredo que cadran preto das vivendas. Este xacemento fornecía tamén aos

artesáns do anteriormente citado barrio de Lourido Grande. No segundo asentamento apuntado, Lamartín, exercese este oficio até os anos corenta do século pasado, concretamente a mans do señor Manuel María de Capón quen tivera aquí obradoiro aberto e forno, que resistira en pé, até os anos oitenta do citado século. No mesmo sitio, e falando de fornos, aínda permanece á vista o da Casa de Macía, outra das vivendas onde se exercera este mister e do cal fica a estrutura regularmente conservada, asentada mesmo ao carón do camiño que conduce en dirección a Vilaceite. Neste lugar, da mesma parroquia, estaban localizadas as chamadas Lameiras que xunto ao coñecido Cotón do Cuco eran dous dos xacementos produtores de arxila dos cales se extraía a que fornecía os obradoiros destes barraxeiros. O derradeiro lugar de Santa María de Loureiro onde se reconece actividade alfareira fora o de Roxofrei. Neste agrupamento de vivendas existen no presente dous fornos, o coñecido como forno de Lulle e o de Xulián ou do tío Ramón. O primeiro deles figura, na actualidade, illado de construción algunha, mentres que o segundo forma parte dun conxunto situado no interior dun alpendre. No muro

onde se localizan a boca de enfornar e a bufareira, ou boca de tizar, podemos ver outro forno destinado a cocer o pan. Na tradición oral deste lugar é coñecida a presenza do cacharreiro que cocía as pezas no primeiro dos fornos apuntados, o señor Pedro de Lulle, especialmente fica acordo das longas viaxes que realizaba “...de cara a Lóuzara, das cales tardaba días en voltar”⁶.

Outra das parroquias samonenses onde se rexistran informacións relacionados co traballo do barro é a de San Mamede do Couto, concretamente en tres dos lugares que fan parte da mesma. O primeiro deles está localizado no actual asentamento coñecido polo nome de Lamas que, xunto co de Val, aparece referenciado de diversas maneiras nos documentos históricos mais sempre referidas a este enclave onde hai constancia de ter existido tal actividade. Aquí fica asentada a Casa do (O)leiro, chamada deiro que apunta a este labor e parece confirmar os indicios documentais anteriormente expostos, os cales inciden no desenvolvemento da práctica do traballo alfareiro neste punto. Tamén se conservan rastros no lugar de Vi-

⁶ Casa de Sabino de Roxofrei.



lamente, onde están as Pozas do barro, e nomeadamente na Casa de Riba, onde se pode ver un forno que presenta a peculiaridade de ser o único que conserva os arcos interiores, de pedra colocada a chapacuña, entesados contra os muros laterais. Estes elementos facían de base onde enfornar as pezas, deixando por debaixo o oco suficiente para queimar a leña que producía o lume para cocer. O terceiro lugar enmarcado na parroquia de Couto é o de San Mamede onde é coñecida, así mesmo, a presenza de devanceiros que exerceran este oficio artesán. Neste enclave, asentado ao carón da igrexa parroquial, consérvanse elementos materiais que o confirman e memoria da importancia que significara esta actividade na casa e na historia dos seus moradores.



- 05 Panorámica de Romelle
- 06 Nande e Abradelo na Serra do Oribio
- 07 Fouce para cortar o barro



Lamas, parroquia de San Mamede do Couto

As formas

Voa a imaxinación de nós ao mergullármonos na procura dos segredos que conserva a historia pasada. De idéntico modo e maneira voaran as rodas nos obradoiros que houbera establecidos por terras de Samos mentres os artesáns cacharreiros acariñaban o barro, asentado enriba delas con súas mans enlameiradas, erguendo cada peza fornada tras fornada sen acougo. Materia amasada con paciencia e maña precisas, utilizando un saber aprendido a forza de anos até chegar a ser mestres de oficio, dotándoa das condicións axeitadas que permitían transformar os bolos informes de arxila na variedade de pezas que conformaban seu abondoso catálogo.

Humildes e sinxelas cuncas do caldo utilizadas na vida diaria mais tamén asentadas, adoptando curiosas disposicións, no curuto das chemineas entremezcladas cos remates propiamente ditos, a modo de xenuíños indicadores que sinalaban os puntos onde medrara esta industria alfareira. Xarras para o viño das que existira importante demanda en pousadas e tabernas así como nos chigres, onde se despachaban comidas elaboradas a base de polbo e carne cocida, que percorrían de modo ambulante as

feiras da comarca tal como acontece aínda agora no presente. Olas barrigudas, en ocasións portadoras de dúas asas, coa súa feitura inconfundíbel e boca arrodeada por un reforzo de perfil característico ou mesmo con aqueloutro dividido por unha ou dúas canles, un trazo novo propio desta zona que falamos. Barrís de figura estilizada, rematados nunha boca estreita, co seu aquel de elegancia, que os presenta axeitados para gardar en depósito os máis variados licores e nos que atrae a nosa atención o seu corpo con dúas asas que ascenden ao son das paredes laterais, en ocasións achaiadas, e descenden logo de par do pescozo da peza, facilitando un agarrar doado mentres dura o uso desta.

Pucheiras para o leite, feitas en distintas medidas, de corpos redondeados e bocas cumpridas, posuidoras dunha competente asa que arrinca na barriga e remata ao carón do rebordo da boca proporcionando consistencia e firmeza. Meleiras que figuran acaídos deseños, nos que as calidades estéticas complementan a funcionalidade para a cal foran construídas, con aqueles singulares sistemas dunha segunda boca, que circunda a principal e propia, a cal ten por finalidade reter auga



entre ambas a modo de atranco infranqueábel fronte ás formigas lamboas impedindo calquera intento de apoderarse do saboroso tesouro acubillado no interior fresco e sombrizo. Desconformes barrreñóns, nos cales adquire sazón a zorza das matalotas, construídos en diferentes formatos, tal que útiles indispensábeis para o universo rural. Cacharros de enorme boca reforzada por rebordos que os protexen dun deterioro seguro, derivado do uso prolongado, protección que comprende por veces o seu corpo a base de vincos que o arrodean e no cal é propio colocar dúas ou catro asas exentas que permiten acadar o respectábel peso da peza coa seguridade



01
Picarelos de cheminea.
Lastres

02
Meleira. Detalle da dobre boca



03

elas posuidoras da harmonía que transmiten as proporcións perfectas. Elaboradas respectando a tradición antiga como sempre se fixer. Corpos esferoidais con bocas rematadas en rebordos e mesmo aqueloutras sinxelas que carecen de remate, acabando así sen máis. Paredes nas cales as mans expertas do artesanado deixaron mostra da arte e do saber que atesouraba. Formas que chegaron até nós despertando sensacións e sentimentos. Deseños seculares con utilidades definidas e outros axeitados a novos tempos e usos. Grande parte deles portadores de asas fortes e compactas que presentan o debuxo característico desta escola alfareira con súa canle central, patrón do cal apenas tan só algún que outro elemento se afasta, e trazado que describe pronunciadas curvaturas onde o mestre alfareiro semella mesmo recrearse.



04

precisa. Outro tanto acontece á hora de falarmos das ámboas: inmensas figuras, representando esferas que se estortan adquirindo formas alongadas, cos seus corpos percorridos transversalmente por finas tiras do mesmo barro, unidas ás paredes a medio dunha liña incisa ou regueiro labrado previamente polo cacharreiro quen premera logo nelas uns sinais regulares a modo de “punteados” feitos co dedo, mentres a roda ía xirando lentamente, na procura de unir ambos elementos.

Xunto con estas formas apuntadas outras moitas, de utilidades e facturas diversas, todas

Asas encravadas no corpo dos cacharros con aire desenvolto propio de quen domina a técnica e coñece sobradamente o oficio. Outro tanto se pode contar de pichos e bicos que gardan entre si certas semellanzas, particularmente no aspecto referido á súa función de facilitar a saída dos líquidos gardados nestas pezas, e forman parte de cada unha delas

tal que elementos emparzados por mutua comenencia.

Arte é ao fin, sen máis voltas, como nidiamente se manifesta na parcela plástica. Fermosas liñas riscadas nos cacharros, aproveitando a inercia do movemento adquirido pola roda, no intre previo á colocación dos elementos complementarios: asas, pichos e bico. Regueiros labrados encol da superficie lisa das paredes respectando deseños asentados na cultura de nós dende tempo ancestral. Rectas marcadas de maneira individual ou mesmo grupos de varias conxuntadas, de forma emparellada, e outras a modo de ondas que conforman trazados diferentes, máis ou menos inclinadas, entremezcladas e complementadas con repenicos diversos que dan lugar ás composicións máis orixinais que sexamos quen de imaxinar. Elementos estéticos que sumaban ao traballo artesán e funcional unha dimensión nova capaz de transformar o mero obxecto material en creación artística.

Patrimonio conservado e transmitido de maneira anónima maioritariamente aínda que en ocasións, de forma excepcional, chegamos a coñecer os nomes destes ar-

tesáns. Particularidade esta que presentan algúns cacharros elaborados nestas parroquias encravadas no entorno do antigo Couto de Samos. Aspecto pouco común noutras áreas alfareiras que convida a facer comparanza mesmo con aqueles que deixaron súa pegada nas pezas cerámicas e *tegui-las* da cultura castrexa. Voltando a esta, agora por nós presentada, cerámica dos lugares asentados á beira do “camiño francés”, ao seu paso por este concello, comprendir que algunhas das súas formas soportan inscricións de diversa tipoloxía, dende simples iniciais até expresións complexas que reproducen o nome do cacharreiro e data de construción xunto con outros datos complementarios. Se ben é certo que esta cuestión aparece de modo esporádico, hai que recoñecer a importancia do feito así como a transcendencia que este posúe á hora de podermos formular conclusións como a época e os lugares onde se construíron, extremos moitas veces presupostos que agora se ven, de tal modo, definitivamente confirmados.

Estes elementos apuntados contribúen a retratar a personalidade rica e complexa desta cerámica, e a das persoas que a crearon e practicaron, definindo os rasgos

que lle son propios e configurando as pezas elaboradas como singulares achegas ao patrimonio de Galiza, merecentes da súa posta en valor en tanto que creación colectiva do esforzo común do noso pobo.

- 03 Decoración (detalle)
- 04 Asa dunha xarra
- 05 Detalle de decoración
- 06 Picho cadrado dunha ámboa



05



06



San Martiño do Real, Vilar do Real e, ao fondo o monte Oribio

A roda

O torno utilizado polos cacharreiros das terras de Samos estaba conformado por dúas pezas circulares de madeira unidas por un eixo. Unha delas, que ía colocada preto do chan, era onde o artesán daba co seu pé uns empurróns de forma periódica transmitindo a forza para que o conxunto alcanzara o movemento de rotación preciso. Esta peza posuía un metro de diámetro, máis ou menos, e no seu centro entestaba o eixo antedito que a traspasaba sobresaíndo pola parte inferior até rematar nunha punta de aceiro que permitía xirar a todo o conxunto. A outra peza, tamén de forma circular e diámetro entre vinte e vinte cinco centímetros, ía asentada na parte superior deste eixo a unha altura suficiente para permitir ao mestre artesán realizar coas súas mans o torneado das pezas a partir dos bolos de barro depositados encol da mesma.

As dúas únicas rodas hoxe coñecidas e conservadas presentan unha feitura semellante ás utilizadas nos centros produtores de cerámica de Bonxe e Mondoñedo. Ambas corresponden ao descrito modelo de torno alto e as informacións, por nós recollidas, apuntan a Romelle e Lamartín como os seus lugares de proce-

dencia. Concretamente á Casa de Berxego, propia do barraxeiro Antonio Barreal e á Casa de Capón, onde exercera o seu oficio de cacharreiro o señor Manuel María tal como acorda, cos seus noventa e tres anos, o señor Carlos de Lamartín quen de neno tivera ocasión de amasar no barro e mesmo algunha vez tamén lle tivera dado á roda.

A primeira delas, no presente propiedade da familia García Alén, fica completa presentado un aceptábel estado de conservación. Da segunda roda, conservada na casa de Pereira Branca de Vilaceite a onde chegara pola man do avó que fora orixinario da citada Casa de Capón, tan só se conserva a parte inferior onde se poden apreciar restos do eixo, a propia roda e punta ou base que facía de punto de apoio do conxunto.

A presenza deste tipo de roda utilizada polos barraxeiros samonenses, na construción dos cacharros elaborados nos seus obradoiros, produce certas dúbidas a respecto da execución dalgunhas destas pezas. Concretamente no referido ás ámboas e mesmo os grandes barreñóns, elementos algúns deles que polo enorme tamaño e complexidade que presentan semella

extraordinariamente dificultosa a súa elaboración nun torno desta tipoloxía. Por outra banda, comparativamente falando, observamos pezas de idéntica factura construídas en centros alfareiros tales que Gundivós, Portomourisco, e Loñoá entre outros, onde se utilizaran para súa elaboración modelos de torno baixo.

[Roda 1 >](#)

Alto: 75,00 cm
Diámetro roda
pequena: 23,00 cm
Grosor da roda (rodeada cunha
cincha de ferro): 3,00 cm
Diámetro roda grande: 105,00 cm
Está feita con 6 táboas
de 2,5 cm de grosor.

Eixo de madeira de sección cuadrangular
pola parte de abaixo
de 6,5 cm de lado.

Pola parte de arriba ten sección
redonda de 4,5 cm de diámetro
e polo medio, a sección vai de
abaixo a arriba de 6 cm a 5,5 cm.
Por debaixo da roda grande a
prolongación do eixo remata
nunha punta de ferro sobre a
que xira todo o aparello.
Esta peza ten 11,50 cm de alto,
e unha base rectangular de 10 x 8 cm de lado.
Colección: María Alén



[< Roda 2](#)

Roda procedente da casa
de Capón de Lamartín
Diámetro: 1 m

Parte inferior do eixo: alto 10,50 cm / base: 8 x 8 cm
(Esta peza probablemente remataba nun pequeno coio
que, apoiado noutro, facilitaba o xiro do conxunto)
Colección: Xaime Fernández Barrio





Vilaceite, Lamartín e Montán

Os fornos


Os fornos dos cacharreiros establecidos na comarca de Samos, tamén coñecidos como barraxeiros ou louceiros, presentan unhas características particulares que os diferencian dos outros fornos que existen nas restantes tres comarcas alfareiras da provincia de Lugo (Bonxe, Mondoñedo e Gundivós). O seu espazo interior é de forma cilíndrica cuns arcos case planos que separan a cámara de combustión da cámara de cocción.

Estes fornos, estaban integrados nas construcións adxectivas anexas ás vivendas. Esta circunstancia fai que pasen desapercibidos a pesar de ser uns elementos arquitectónicos singulares confeccionados cunha técnica construtiva moi perfeccionada. A construción era realizada integramente en pedra de cachotería de xisto con argamasa de barro. No interior a súa estrutura presenta forma circular, moi semellante á dos pozos redondos, cunha sección aproximada dun metro de diámetro que vai dende o fondo, de terra ou lastrado de chantos en algún dos exemplares estudados, até alcanzar unha altura de 90 cm. A partir de aquí a estrutura ensancha deixando unha repisa de seis centímetros, todo o seu redor, a cal posúe a fun-

ción de servir de punto de apoio e arranque dos dous arcos cruzados de 20 x 30 cm que teñen os fornos. Están feitos da mesma pedra que o resto do forno, colocada a chapacuña. O arco principal sae dende a parte de atrás en dirección á boca do forno e nel apoia, xusto á altura do seu centro, o arco transversal. Entre ambos conforman unha plataforma, case plana, sobre a cal se depositan os cacharros que o artesán pretende cocer.

A cámara de cocción, un pouco máis ancha ca do lume por mor da repisa citada, oscila entre uns 110 e 120 cm de altura, dependendo do forno. A sección que presenta é uniforme dende os arcos até sobrepasar a boca de enfornar, abertura pola cal se introducen os cacharros, e a partir de aquí vai estreitando até rematar en cúpula semiesférica. A uns 20 ou 30 cm do remate, por un lado da bóveda, os fornos estudados contan cun respiradoiro de 13 por 23 cm que atravesaba toda a parede dende a cámara até o exterior. Tanto a boca do lume ou bufareira, duns 50 por 70 cm, como a de enfornar, duns 84 por 90 cm, presentan figura oxival, sendo esta, así mesmo, unha característica común ás bocas de todos os fornos do pan da comarca e

que tamén se observa en algunha construción tradicional, como a fermosa fonte existente na parroquia de Santiago de Estraxiz. Actualmente, a pesar de que transcorreron máis de setenta anos dende que estes elementos patrimoniais deixaron de cumprir a súa función orixinal e dalgún intento de reconversión en fornos de pan, como acontece no caso de Romelle, aínda se conservan relevantes representacións, que merece a pena recuperar, nos lugares de Vilamelle, Roxo-



01
Forno de Macía, Lamartín

02
Forno da Casa de Riba, Vilamelle.
(Detalle do interior. Vista superior)



zona, polos que ninguén se interesou, desapareceron como consecuencia de ter perdido a utilidade, circunstancia que sumada ao estorbo que representaban nos tempos actuais provocou que acabaran sendo eliminados.

A pesar de falarmos continuamente da “cerámica popular de Samos”, na vila propiamente non

hai constancia da existencia de ningún artesán caxarreiro nin forno algún onde se tiveran cocido cacharros. Así e todo, nas últimas intervencións arqueolóxicas realizadas no mosteiro apareceu un piso feito en baldosas de barro cocido, con forma cadrangular de 26 x 26 cm, moi parecidos aos restos de ladrillos construídos polos caxarreiros locais utilizan-



do moldes de madeira que aínda se conservan. Tamén se atoparon restos dunha estrutura que, ao noso entender, ben puidera facer parte dun forno de cocer o barro xa que a súa figura e disposición son moi semellantes á que presentan os fornos coñecidos.

Outro misterio por resolver, respecto destes fornos, son os restos

dunha construción que se atopa ao carón da capela de San Fiz, no leiro coñecido por “*debaixo da capela*”, situado en Lourido Grande e propiedade actual de Eloi Caldeiro. O único que se pode ver dos restos observados é un arco feito en cachotaría de xisto enmarcado no valado existente por baixo da citada capela. Hai algúns anos, segundo relatan os veciños, podían verse dous arcos pero debido a que parte deste valado se derrubou agora tan só é posíbel observar un deles. Os máis vellos do lugar asocian os citados elementos a un forno de tellas. De feito o lugar é coñecido polo Forno do Mosteiro e sábese que neste punto se fixeron as tellas que no seu tempo cubriron algunhas dependencias do mosteiro. A día de hoxe, no lugar, a pouco que se busque é aínda posíbel observar restos das mencionadas tellas.



06

03
Forno da Casa do Berxego, Romelle


04
Forno do tío Ramón, Roxofrei

05
Forno do mosteiro, Lourido Grande


06
Forno existente no mosteiro de Samos

07
Restos de tellas. Forno de Lourido Grande


FORNO DA CASA DO TÍO RAMÓN NO LUGAR DE ROXOFREI, PARROQUIA DE LOUREIRO (STA MARÍA), SAMOS



PLANTA DA PALLEIRA





ALZADO FRONTAL DA PALLEIRA




CORTE TRASVERSAL DA PALLEIRA

FORNO DE LULLE NO LUGAR DE ROXOFREI, PARROQUIA DE LOUREIRO (STA MARÍA), SAMOS




NIVEL INFERIOR




NIVEL SUPERIOR



ALZADO LATERAL ESQUERDO



ALZADO FRONTAL



CORTE A B



Debuxos: Ramiro Barros Justo



Roxofrei, parroquia de Santa María de Loureiro, á dereita forno da casa do tío Ramón

As feiras

Tres foron os enclaves, situados nas proximidades de Samos onde ficaran asentados os artesáns cacharreiros motivo deste traballo, nos cales se celebraron ao longo dos anos importantes feiras nas que se desenvolveu unha extraordinaria actividade socioeconómica con especial incidencia nas diversas parroquias pertencentes a esta parte da montaña luguesa. En todas elas se conserva memoria da presenza dos mencionados artesáns que acudían coas pezas cerámicas para vender, logrando deste modo e maneira que os útiles de barro fabricados nos seus obradoiros chegaran a ser distribuídos por unha grande parte do territorio antes mencionado.

O primeiro deles fora a coñecida feira da Asfarrapa, situada na parroquia de Santiago de Cedrón facendo lindeiro coa de Santalla de Lagos, ambas as dúas pertencentes ao concello de Láncara. O emprazamento da mesma cadra-ba encol do trazado do camiño real que dende Triacastela pasaba polo Furco da Meda e, despois de cruzar este lugar antedito da Asfarrapa, baixaba ao de Galegos e continuaba á Ponte de Carracedo, onde cruzaba o río Neira, para seguir posteriormente en dirección á cidade de Lugo.



Até seu estratéxico asentamento acudían, polo día once de cada mes, feirantes de toda a rodeada que colocaban as mercancías á vista das persoas asistentes utilizando para tal fin os pendellos construídos polos propios veciños de Cedrón que percibían o pago acordado polo seu aluguer. No circundo da feira era común a presenza de grande número de xugadas de bois que chegaban dende as localidades dos arredores as cales proporcionaron a esta feira unha notoriedade que alcanzou outras comarcas máis arredadas, nomeadamente as terras do Bierzo, dende as cales era frecuente a asistencia de compradores que chegaban na procura deste gando.

Por entremedias houbera ferreiros, tratantes en queixos do Cebreiro, quincalleiros, gando menor,

e outros tipos de produtos propios deste tipo de mercados que eran ofertadas para á venda. Entre elas sobranceaban os cacharros de barro elaborados por cacharreiros orixinarios dalgúns lugares de Samos que procuraban acomodo en currunchos axeitados aproveitando a disposición do campo que se utilizaba para o evento. Este espazo ficaba circundado por un muro de pedra que posuía unha plataforma ou saínte preto da base, que se prestaba para sentadoiro, do cal fican apenas algúns elementos, onde se remataban as operacións ou mesmo se descansaba e conversaba cando as persoas presentes dispoñían tempo de vagar.

A feira, situada baixo o omnipresente e maxestoso Pico da Meda,

01
Campo da feira da Ponte de Lúzara



02

que proporcionaban o xantar á concorrencia en colaboración con outros establecementos que acudían polas feiras de xeito ambulante tal que acontece coas polbeiras aínda nas de hoxe en día. No camiño de entrada, que permite o acceso dende a parte de Santalla de Lagos, ficaba encravada unha pequena construción, onde a administración realizaba o cobro de impostos aos feirantes que chegaban dispostos a vender os seus produtos.



03

A importante actividade que durante anos se xerou na feira da Asfarrapa esmoreceu polos inicios dos anos corenta do século vinte motivada pola decadencia da actividade agrícola e gandeira producida no mundo rural. Este factor xunto con outros tales que certos intereses localistas motivaron, nun primeiro intre, o seu traslado para o veciño lugar de Río e logo, dun renovado intento por reactivar o mercado no punto orixinario, o establecemento da mesma preto do lugar de Saa, na mesma parroquia de Cedrón, para rematar finalmente coa desaparición definitiva de todas elas, incapacitadas para competir con outras celebradas en vilas próximas que proporcionaban satisfacción á cada

posuía fama xa por mediados do século XIX “...se celebra feria de ganado, lienzos y otros productos del país: quesos del Cebreiro, paños y quincalla, el día 11 de cada mes, en el término y venta de Esfarrapa con cuyo nombre es conocida...”¹. Contaba cunha venta asentada mesmo ao seu carón onde se elaboraban as comidas

¹ MADDOZ, Pascual: *Diccionario...*, 1846/1850.

vez máis complexa demanda da poboación que se achegaba a estes mercados.

Na Asfarrapa apenas se conservan xa restos daquel noutro relevante asentamento e unicamente a memoria viva das persoas veciñas nos permite adiviñar o significado que no seu día puidera supoñer. Unha destas persoas é o señor Amador da Casa da Venta quen acorda ter observado, cando era moi neno, o acontecido neste lugar, por el denominado entre sorrisos *a primeira escaleira do inferno*, mentres rememora con frescura sorprendente o grande número de fermosas xugadas de bois e os vistosos “paseos” que efectuaba a mocidade polo cruce de camiños onde estaba asentado o antigo campo da feira.

Outro dos puntos referidos era a coñecida feira de Castroncán, asentada na parroquia deste mesmo nome, pertencente ao concello de Samos, até onde se desprazaban xentes veciñas das parroquias do propio concello e outras moitas das terras de Sarria, O Incio e mesmo de lugares máis afastados como puideran ser Monforte de Lemos e Ourense. Todas elas atraídas polas actividades de compra venda que neste

lugar se efectuaban puntualmente o día catro de cada mes. De enorme relevancia foran, xa por mediados do século XIX, as relacionadas co gando vacún, porcino, lanar e tamén de cabalos e bestas que chegaban a Castroncán procedentes dunha extensa rodeada, mesmo en ocasións o día antes, para marchar seguidamente con dirección aos máis variados destinos. Comerciantes e tendeiros, tanto do propio lugar como de fóra, complementaban a demanda das persoas asistentes ofertando todo tipo de mercadorías e produtos. Dende os necesarios para os traballos da vida diaria, tal que ferramentas e útiles fabricados por ferreiros, quincalleiros, tendeiros, ou zoqueiros, pasando por servizos empréstados no mesmo lugar por ferradores e capadores entre outros, até todo o relacionado coa alimentación: casas de comidas, polbo, pan, roscas, melindres, e mesmo uvas cando era sazón.

A Castroncán tamén acudían puntualmente os mestres cacharreiros das parroquias de Samos os cales “...vendían as olas de barro que deixaban antedía na casa do Celestino”². Dende este punto as súas pezas chegaban a unha ex-

² PÉREZ PEREIRAS, Xulio: “A feira do catro en Castroncán”, en *Boletín O Noso Lar*, nº 6. 2003.

tensa comarca que abarcaba unha importante parte da Veiga de Sarria, o Val do Mao e as terras montesías do Incio.

A terceira das feiras acontecía o día dezasete de cada mes no punto nomeado “a Campa da Chozza” situado no lugar da Ponte, encravado no val de Lóuzara ao pé do río do mesmo nome, sendo coñecida polo nome de “feira da Ponte” ou “feira do dezasete”. A ela acudían xentes de “...*todo Lóuzara e dos lugares próximos doutros concellos coma Pedrafita, Paderne e Miraz do Courel, Vilarxoán, Leizán e Foilebar do Incio, ou Louzarela e Val de Fariña de Pedrafita do Cebreiro*”, tal como relata o investigador de Bustofrío, Xulio Pérez Pereiras, no fermoso pregón escrito por el mesmo con motivo da primeira “mostra de artesanía de Lóuzara” que se celebrou, o 17 de agosto do 2008, no enclave da antiga feira³. O autor louzariño describe neste traballo de modo maxistral as actividades que se realizaban ese día na Ponte onde as persoas asistentes “...vendían, mercaban e intercambiaban productos coma os pipotes de viño que traía

³ PÉREZ PEREIRAS, Xulio: “Pregón da I mostra de artesanía de Lóuzara”, en www.bustofrioblog.



04



05

*o Celeste da Póboa de Brollón, o chocolate do Andrade de Monforte, as segadoras e muiños eléctricos que vendía o Antonio de Vigo do Real ou os zapatos de pel do Silgueiros do Incio*⁴.

⁴ Op. cit.

02
Caseta da cobranza da feira de Asfarrapa

03
Caseta da báscula do campo da feira de Cedrón

04
Campo da feira Castroncán

05
Pendellos do campo da feira de Castroncán



A feira do dezasete, asentada nun punto de paso estratéxico que comunicaba as comarcas de Samos, O Cebreiro, O Incio e O Courel, foi un factor de dinamización socioeconómica de primeira orde para a zona na cal estaba situada. Tanto de forma directa, a medio das operacións realizadas no espazo da propia feira, como polas derivadas de tal evento pola aparición de comercios e negocios de todo tipo. Daquela, a ampla comarca na que tiña incidencia contaba cunha poboación elevada e certamente a vizosa actividade baseada no sector agro-gandeiro funcionaba como un potente motor que incidía de forma notábel no desenvolvemento da mesma. Clara mostra disto é o apuntado por Xulio Pérez, no estudio mencionado, ao referirse a un dos establecementos asentados nas proximidades da feira, nomeadamente o coñecido como “do Cortiñas e a señora María”, “...*alí había de todo: desde a máquina de embotellar o aceite de oliva, que presidía o mostrador, os fouciños, fouces, rodos e gadaños cos que se labraron os eidos louzariños durante décadas, os chourizos, cacholas, lacóns e zocos colgados do teito do comercio e, como non, o viño de Quiroga, do Bierzo ou de*

Amandi que enchía a súa bodega. Nos días de feira chegaron a ter ata catro axudantes no comercio, ademáis dos seus propietarios. Nesta casa pasaba consulta o médico os días da feira e mesmo estaba acondicionada para eventos importantes coma vodas ou bautizos”.

Estes eran os escenarios aos cales se trasladaban os artesáns dos lugares de Samos, que nós coñecemos, tal que o “cacharreiro de Roxofrei”, quen preparaba cumpridas fornadas para viaxar logo “...*en dirección ás terras situadas de cara a Lóuzara*” de onde “... *tardaba en regresar varios días*”, como relatan aínda os veciños do lugar que conservan seu recordo no presente. Ou mesmo o “cacharreiro de Romelle” que cocía fornadas de cacharros para os transportar posteriormente ao lombo dunha besta até este punto de venda arredado. De tal modo e maneira que as pezas elaboradas nos obradoiros destes oleiros foron quen de satisfacer unha importante demanda que fora xurdindo ao longo das comarcas descritas e foi nestas feiras, e con probabilidade nalgúns outras, onde se efectuaron grande parte das transaccións, ora mercando directamente as

formas expostas na propia data da feira en cuestión ou ben por medio de encomenda e posterior entrega noutra seguinte.



O oficio

A entrada sombriza que baixa, dende o camiño principal, até o lugar e Casa de Samamede conserva unha presenza antiga e fermosa que lle dan as ringleiras de carballos centenarios que delimitan súas beiras. Esta vía de acceso conduce, así mesmo, á igrexa parroquial única construción existente, xunto coa casa antes citada, se exceptuamos o abandonado casal de Froión que cadra un bocado máis abaixo.

Asentamentos e camiños seculares conservados no tempo e na memoria das persoas herdeiras de acordos e saberes, dos cales foron donas as xeracións devanceiras, que no presente conservan en loita sen cuartel contra un esquecemento da historia propia, que de certo nos abafa.

Tal é o caso da señora Carme Fernández Valcarce, orixinaria do lugar que falamos, e do señor Severino López Barreiro seu home, excelentes coñecedores da contorna e das historias e acontecementos que nela se teñen producido.

Daquela na vivenda da súa propiedade, coñecida polo antedito nome de Casa de Samamede, existe unha construción adxectiva á cal se lle ten por chama-



deiro “o oficio”. Presenta unha única planta rectangular, de 6 x 4 metros de lado e 3,30 de altura no cume, con cuberta a dúas augas e tamén dúas portas de acceso, unha delas comunicando directamente co exterior e outra coa propia vivenda. Así mesmo posúe un fiestra e de par dela unha lacena embutida na propia parede. Noutro dos muros laterais está colocado un guindastre e preto do mesmo existe no chan un espazo de forma cadrada, lastrado de ladrillos macizos arrodeados por un “marco” de barro cocido, onde se facía lume para afumar os chourizos, que fora construído hai anos polo señor Manuel Fernández Garza, pai da señora Carme.

Nun dos muros cabeceiros desta construción descrita pódense observar os restos dunha estrutura circular, construída en pedra e barro, que fai parte do propio muro mais presenta unha absoluta semellanza co interior dos fornos de cocer cacharros propios dos lugares de Samos que estudamos neste traballo. De par desta estrutura anterior podemos ver un forno do pan, de factura relativamente recente, que substituíu a outro aínda conservado que se atopa fóra deste local, mais facendo parte do conxunto da casa.

A señora Carme acorda que, cando ela tiña seis ou sete anos, no “oficio” existían en pé dous fornos dos utilizados para cocer ca-

01
Casa de Samamede.
Á dereita o oficio



02

charros de barro. Ambos elementos, situados un de par do outro, ocupaban toda esta parede fronteira chegando as súas estruturas a alcanzar unha altura aproximada de 2 m. As bocas presentaban idéntica figura á do forno vello de cocer o pan, en forma de arco oxival, ficando situadas máis ou menos a unha altura de 1,30 m do chan da construción.

Tempo adiante, logo de ficar durante moitos anos sen uso, tirouse primeiro o da esquerda,



03

quedando en pé o situado á dereita até algúns anos despois de 1961, cando foi tamén derrubado para construír no seu lugar un

forno novo do pan, de menores proporcións ao existente na casa. O motivo veu determinado pola necesidade de reducir o gasto de tempo e leña, facendo máis doado o roxar este forno á hora de cocer. A obra fora executada por un canteiro orixinario da Casa da Aira de Vilar, asentada en San Martiño do Real, dentro do propio concello de Samos.


A denominación que desde sempre posuía este espazo, co pouco común nome de “o oficio”, chegara até a señora Carme xunto con outras noticias da relación familiar co arte de elaborar pezas de barro, mais sen ser quen de precisar a identidade das persoas que tiveran traballado na mesma e das circunstancias que motivaran o chamadeiro citado. A xustificación da perda desta relevante información seguramente veu motivada pola desaparición temperá do avó cando seu pai, o señor Manuel, contaba con sete anos de idade e do bisavó, que morrera cando aquel contaba con doce. Este puido ser o motivo de interromper a transmisión xeracional do oficio de cacharreiro e tamén da perda do coñecemento a respecto da historia familiar que apunta a unha destas dúas persoas, ou a ambas, como

artesáns profesionais do labor que falamos.

A falta de profundar na investigación que permita certificar a conxectura que sitúa a Casa de Samamede como centro relevante de produción alfareira e súa familia como unha das residentes na comarca samonense con diversos membros que exerceron o traballo da elaboración de cacharros de barro dende tempos inmemoriais, convén aclarar que no plano documental é coñecida a presenza dun “alfareiro” de oficio, chamado *Joseph Fernández*, quen traballa *seis meses ao ano* pola cantidade de *360 reais de vellón*. Este apuntamento figura no Interrogatorio Xeral do Catastro de Ensenada referido á parroquia de San Mamede de Couto, realizado en 1753. Tendo en conta as coincidencias respecto ao apelido “Fernández”, que levou sempre a familia e aínda conserva a señora Carme, e os restos materiais e información oral conservados, amósase diante de nós unha interesante perspectiva.

A pesar de ter quedado moi cedo sen pai e sen avó, Manuel Fernández Garza aprendera de neno as abondosas historias conservadas na memoria colectiva tal que

aquela que fala de tesouros e cacharros, da “guerra dos mouros”, acubillados na modorra enclavada preto da xuntanza entre o camiño que conduce a Samamede e a vía principal que chega dende A Brea. Con certeza fora tamén coñecedor de grande parte, senón toda, desta tradición familiar relacionada coa elaboración de cacharros. Deste modo, durante a súa longa existencia, acudira con frecuencia na procura de barro para enxertar ao lugar das Barreiriñas, punto situado ao carón deste camiño en dirección á Brea, que probablemente fora o xacemento fornecedor de onde extraían seus devanceiros o material preciso para desenvolver esta industria alfareira. Coñecemento das historias e tradición de enxertar, aprendidas de seu avó, que no presente exerce e conserva no lugar de Samamede Manuel López Fernández, o fillo da señora Carme.



02 **Boca do forno do pan da casa de Samamede**
 03 **Restos do forno dos cacharros no oficio da casa de Samamede**
 04 **O oficio (San Mamede do Couto, Samos)**
 05 **Detalle e medidas dos restos do forno visible**
 (Fotografías 02 e 03 e planos 04 e 05: Manuel López Fernández)

- 1 Actuals restos dun dos fornos dos cacharros coa traza existente (liña continua) e probable prolongación (liña punteada)
- 2 Actual forno de pan construído no lugar dun dos fornos dos cacharros
- 3 Ladrillos da lareira e para facer o lume de afumar os chourizos
- 4 Zona de rebaixe para permitir a apertura da porta
- 5 Porta de entrada ao oficio desde o exterior
- 6 Porta de entrada ao oficio desde a casa
- 7 Altura do teito do oficio no seu punto central e máximo: 3,30 m.

- A Altura perceptible da traza do forno nesta parede: 1,15 m.
- B Fondura do zócalo interior: 6 cm. Altura do zócalo interior dende o chan: 15 cm.

Bibliografía

ALVAREDO, Xerardo: *Alfarería de Lamartín. Samos* (díptico para unha mostra), Santiago de Compostela, 1985.

CADENAS Y VICENT, Vicente: *Caballeros de la Orden de Alcántara que efectuaron sus pruebas de ingreso durante el s. XIX*. Ediciones Hidalguía, Madrid, 1956.

CATASTRO DE LA ENSENADA: *Interrogatorio xeral das parroquias de San Mamede do Couto e Calvor*.

FILGUEIRAS REY, Ana I. e RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Tomás: "Túmulos y petroglifos. La construcción de un espacio funerario. Aproximación a sus implicaciones simbólicas. Estudio en la Galicia Centro-Oriental: Samos y Sarria", en *Espacio, Tiempo y Forma, Serie I, Prehistoria y Arqueología*, t. 7, UNED, Madrid, 1994.

GARCÍA ALÉN, Luciano: *La alfarería de Galicia*. Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, 1983. (2 vols.)

GARCÍA RODRÍGUEZ DE BURRIANA, Aurora: "Padrón xeral de Samos. Freguesias do Partido do Camiño Francés 1716", en www.xenealoxia.org

GÓMEZ VÁZQUEZ, Miguel Anxo (coordinador): *Concello de Samos: historia das súas parroquias*, Fundación O Noso Lar, Samos, 1996-1999 (4 vols.)

LADRA, Lois: "Intervención arqueolóxica no mosteiro de Samos (Lugo): resultados preliminares", en *Anuario Brigantino*, n.º 35, Betanzos, 2012.

LÓPEZ RODRÍGUEZ-MADEIRA, Manuel: *Memorias dun pobo, Santiago de Estraxiz*. Editorial Alvarellos, Lugo, 1996.

MADOZ, Pascual: *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*, Madrid, 1846-1850 (16 vols.)

MOURIÑO CUBA, José e YÁÑEZ ARMESTO, Abel: *Evolución das feiras e mercados da provincia de Lugo*, Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural e do Mar, Santiago de Compostela, 2012.

PÉREZ PEREIRAS, Xulio: "A feira de Castroncán", en *Boletín O Noso Lar*, nº 6, Samos, Fundación o Noso Lar, 2003.

PÉREZ PEREIRAS, Xulio: "Pregón da I Mostra de Artesanía de Lóuzara", en <http://bustofrio.blogspot.com.es>

Abreviaturas

A.A.V.
Adolfo Abel Vilela

B.M.
Benito Mourelo

E.C.A.
Esther Celeiro Álvarez

E.C.D.
Eloi Caldeiro Díaz

G.A.
Gerardo Alvaredo

G.C.A.
Gerardo Caldas Alvaredo

J.L.M.
José López Moure

J.R.M.
José Ramón Mendoza González

M.A.
María Alén

M.C.
Antigüidades Manuel Calzada

M.F.L.
Manuel Fernández López

M.P.L.
Museo Provincial de Lugo

M.P.G.
Museo Pobo Galego


P.L.M.
Paco López Montero

P.L.Q.
Pedro López Quintero

R.B.J.
Ramiro Barros Justo

S.R.G.L.
Santiago Ramón González López

X.F.B.
Xaime Fernández Barrio





01


ÁMBOA

Alto: 65,00 cm
Diámetro fondo: 17,00 cm
Diámetro boca: 12,00 cm
Circunferencia panza: 150,00 cm
Colección: E.C.D

“... formas con diseños que
semellan improvisados,
mais deixando patente o
dominio da arte...”



“... asas esveltas de par
dunha boca fermosa.
A barriga achaiada en
catro caras...”



02

BARRIL

Alto: 23,5 cm
Diámetro boca (estimado): 5,00 cm
Diámetro base: 10,00 cm
Colección: M.F.L.





03

MELEIRA

Alto: 31,00 cm
Diámetro boca: 12,00 cm
Diámetro rebordo exterior: 19,00 cm
Diámetro base: 12,00 cm
Diámetro panza: 24,50 cm
Asas: alto 12,00 cm / ancho 4,00-5,00 cm
Colección: G.C.A.
Características: Dobre pescozo

“... dende o interior escuro
sae o mel fresco, tal que
prezado tesouro, figurando
á luz fermosas cores de
ouro vello...”



“... deseño particular
dentro da tipoloxía común
no cal destaca a biqueira
amparada por dous
pequenos reforzos...”



04

BARREÑÓN

Alto: 25,00 cm
Diámetro boca: 42,00 cm
Diámetro boca pola biqueira: 36,50 cm
Diámetro base: 17,50 cm
Circunferencia panza: 125,00 cm
Colección: M.C.
Características: Barreñón con biqueira
e dúas asas, unha delas rota



05

MELEIRA CON TAPA

Alto: 26,50 cm
Diámetro boca: 10,50 cm
Diámetro base: 11,00 cm
Circunferencia panza: 82,00 cm
Colección: M.P.G.
Características: Tapa de 13,00 cm de
diámetro exterior por 12,00 cm interior
Alto tapa: 5,00 cm.

“... conservando os
modelos de sempre
abertos á incorporación de
novas ideas. Encomendas
particulares de certo,
nas cales xorde ocasión
de plasmar a capacidade
do mestre artesán...”



“... o dominio técnico é notábel na execución das canles que circundan a boca. A peza fica completa cun picho e dúas asas, logo os trazos marcando a barriga avultada realizados mentres a roda conserva movemento e xira até morrer paseniño...”



06

MELEIRA

Alto: 29,00 cm
Diámetro boca: 18,00 cm
Diámetro base: 17,00 cm
Circunferencia panza: 82,00 cm
Colección: X.F.B.
Procedencia: Localizada en
Pobra de San Xillao



07

GARRAFA DO VIÑO

Alto: 31,00 cm
Diámetro boca: 7,00 cm
Diámetro base: 13,00 cm
Colección: X.F.B.
Procedencia: Localizada en Romelle
Características: Ten unha inscrición
"Antonio Barreal"



“... a superficie rugosa
contrasta coa firmeza
do trazo que representa
o nome do artesán:
‘Antonio Barreal’,
quen fica deste xeito
xunguido para sempre
ao traballo modelado
coas súas mans...”

“... harmoniosa e aparente
coa súa boca, cuberta
pola tapadeira de cortiza,
arredondada por un
rebordo de dúas canles...”



08

GARRAFA UTILIZADA
PARA GARDAR MEL

Alto: 34,00 cm
Diámetro boca: 9,00 cm
Diámetro base: 9,50 cm
Circunferencia panza: 100,00 cm
Colección: G.C.A.




09

OLA CON ASA

Alto: 32,00 cm
Diámetro boca: 15,00 cm
Diámetro base: 11,00 cm
Asas: ancho 4,50-6,00 cm
Colección: X.F.B.

“... única asa que presenta
canle debuxada polo
seu centro dende o
inicio até o fin...”



“... dúas liñas por enriba da barriga e outra ao redor da boca contribúen a dar presenza e proporcións acaídas. A colocación das asas remata a elaboración da peza...”



10

PUCHEIRA DO MEL

Alto: 26,00 cm
Diámetro boca: 9,50 cm
Diámetro base: 11,00 cm
Circunferencia panza: 68,00 cm
Altura pescozo: 5,00 cm
Asas: alto 10,00 cm / ancho 3,00 cm
Colección: G.C.A.



11


ÁMBOA

Alto: 56,50 cm
Diámetro boca: 21,50 cm
Diámetro base: 19,50 cm
Circunferencia panza: 142,00 cm
Colección: M.C.
Características: Inscripción "Año de 1721"

“... año de 1721...”



“... a día 8... 1947.
Antonio Barreal. Romelle...”



12

BARREÑÓN

Alto: 33,00 cm
Diámetro boca: 47,00 cm
Diámetro base: 18,00 cm
Colección: X.F.B.
Procedencia: Lamas, parroquia
de San Mamede do Couto
Características: Ten un selo lateral
e outro no interior do fondo.
Ten gravado “A día 8 [?] 1947
Antonio Barreal Romelle”



13

XARRO

Diámetro base: 12,00 cm
Circunferencia panza: 76,00 cm
Colección: G.A.
Características: Decoración con liñas
e ondas.
Sen vidrar por dentro



“... no centro xeométrico
dous regos emparellados
entre os cales esvara unha
liña ondulada e outra máis,
da mesma maneira, trazada
por baixo de ambos.
O conxunto completa
cunha terceira que amosa
arcos xunguidos coas
súas unións apuntando
á boca da peza...”

“... fermosas vivendas de
pedra, labrada por mestres
arxinas que traballaran
pola arte, rematadas en
pináculos asentados no
curuto dos lousados que
ascenden cara ao ceo...”



14

PICARELO
REMATE DE CHEMINEA

Alto: 50,00 cm
Diámetro base: 16,00 cm
Colección: X.F.B.
Procedencia: Casa do Cereixo,
lugar de Balsa, parroquia de San
Silvestre de Freixo




15

GARRAFA DA AUGARDENTE

Alto: 13,00 cm
Diámetro boca: 3,00 cm
Diámetro base: 8,00 cm
Colección: X.F.B.
Procedencia: Romelle
Características: Achatada por
dous lados

“... dúas caras con
tendencia aplanada e
única asa con acusado
ascenso e posterior
caída vertical, presentan
esta forma peculiar
de boca estreita...”



“... canles suaves,
apenas insinuadas,
marcando o contorno
da boca que posúe a ola
engalanada con dúas
liñas, a modo de ondas,
debuxadas previamente
á colocación das asas
robustas e do picho...”



16

OLA

Alto: 36,00 cm
Diámetro boca: 18,50 cm
Diámetro pescozo: 14,00 cm
Alto pescozo: 5,00 cm
Lonxitude picho: 5,00 cm
Diámetro picho boca: 3,00 cm
Circunferencia panza: 87,00 cm
Asas: alto 13,50 cm / ancho
5,50-6,00 cm
Colección: G.A.



17


OLA

Alto: 34,00 cm
Diámetro boca: 16,00 cm
Diámetro base: 14,00 cm
Circunferencia panza: 99,00 cm
Colección: X.F.B.
Procedencia: Lousada, parroquia de
San Martiño de Lousada

“... formas redondeadas
e suaves que se deixan
acariñar pola vista,
achegando sensación
de serena perfección
no acabado...”



“... a combinación
harmoniosa dos elementos
estéticos sobresaie
por enriba da propia
funcionalidade da peza...”



18

EMBUDE

Alto: 28,50 cm
Diámetro embocadura de entrada: 24,00 cm
Diámetro embocadura de saída: 4,30 cm
Colección: M.P.G.





19

POTA

Alto: 24,50 cm
Diámetro boca: 21,00 cm
Diámetro base: 14,00 cm
Circunferencia panza: 107,00 cm
Colección: G.C.A.
Procedencia: Renche, parroquia
de Santiago de Renche
Características: Tiña dúas asas, unha
fáltalle e a outra está rota

“... sen concesións
plásticas, mais abonda a
perfecta construción. Eis a
‘alma’ nidia
e transparente...”



“... o reforzo da boca marcado por dous reguiños. Asas e picho colocados encol das liñas riscadas previamente, unhas por baixo do pescozo e outras no centro do corpo esférico...”



20

BARRIL

Alto: 26,00 cm
Diámetro boca: 12,00 cm
Diámetro panza: 18,50 cm
Altura pescozo: 5,00 cm
Picho: Diámetro boca: 2,50 cm /
lonxitude: 5,50 cm
Colección: G.A.
Características: Decoración con tres liñas
incisas paralelas por debaixo do pescozo.
Outras dúas liñas incisas paralelas na barriga



21

OLA DO SULFATO

Alto: 31,00 cm
Diámetro boca: 16,00 cm
Diámetro base: 12,00 cm
Circunferencia panza: 87,00 cm
Colección: X.F.B.
Características: Ten restos de sulfato

“... os refugallos do sulfato
indeleble certifican o uso
ao cal foi destinada...”

“... a forma esferoide unha vez máis complementada con asas, picho e liñas incisas á altura da barriga. O baño de chumbo dalle un acabado marelo de cor mel...”



22

OLA DE DÚAS ASAS

Alto: 37,00 cm
Diámetro boca: 15,30 cm
Diámetro base: 17,50 cm
Circunferencia panza: 117,00 cm
Asas: ancho 5,00-6,00 cm
Picho: Diámetro 2,50 cm / lonxitude 3,00 cm
Colección: M.P.G.
Características: Ten pez polo interior



23

BARREÑÓN

Alto: 35,00 cm
Diámetro boca: 53,50 cm
Diámetro base: 15,00 cm
Asas: ancho 5,00-6,00 cm / alto
9,00-10,00 cm
Colección: G.A.
Características:
Lenda gravada "a mi tío José"
Decoración: dúas liñas
serpentiformes entrecruzadas

“... laboriosamente
entrelazadas as liñas
avanzan dificultosamente
circundando a boca.
Conxugados esforzo
e tenrura á hora de
construír un barreñón
para alguén moi especial:
A mi tío José...”



“... a visión mesmo
asimétrica das formas,
derivada da veloz
execución, amosa un aquel
de fermosa presenza...”



24

BARRIL CON DÚAS ASAS

Alto: 29,00 cm
Diámetro boca: 5,50 cm
Diámetro base: 12,00 cm
Circunferencia panza: 76,50 cm
Alto pescozo: 4,00 cm
Asas: ancho 4,00 cm
Colección: M.P.G.
Características: Ten dúas asas, unha delas está rota. Vidrado interior



25

BARRIL DA AUGA

Alto: 32,00 cm
Diámetro boca: 7,00 cm
Diámetro base: 12,50 cm
Asas: ancho 4,00 cm
Colección: G.A.
Características: Vidrado interior

“... elegancia no deseño
e fermosas cores de mel
escuro que transmite o
baño impermeabilizante
do chumbo derretido...”



“... o espazo libre entre os vincos constitúe lugar acaído para reproducir modelos estéticos, transmitidos secularmente, en forma de liñas serpentiformes incisas e repenicos. Daquela o barraxeiro personaliza a peza creando arte...”



26

ÁMBOA

Alto: 65,00 cm
Diámetro boca: 29,50 cm
Diámetro base: 15,00 cm
Diámetro panza: 60,00 cm
Picho: diámetro 4,00-4,50 cm /
lonxitude 5,00 cm
Colección: G.A.
Características: decoración con tres liñas
onduladas paralelas e tamén no picho



27

MELEIRA DOBRE PESCOZO

Alto: 18,00 cm
Diámetro boca: 11,50 cm
Diámetro base: 9,50 cm
Circunferencia panza: 50,00 cm
Diámetro pescoco grande: 14,00 cm
Asas: alto 7,00 cm / ancho 3,50-4,00 cm
Colección: G.C.A.

“... a tapadeira de cortiza encaixada non abonda e fai precisa outra boca máis onde a auga encorada defende o prezado mel contra as formigas...”



“... testemuña de
aconteceres e sucesos
de feirantes, co seu
corpo compacto onde
fica riscada a marca da
cantina propietaria...”



28

XARRA DO VIÑO

Alta: 15,00 cm
Diámetro boca: 13,00 cm
Diámetro base: 10,00 cm
Asas: alto 9,00 cm / ancho 3,00-3,50 cm
Colección: G.C.A.
Características: Xarra que se utilizou
na pulpería Amador e Antonio López
(Farbán, Sarria). Conserva unha
inicial incisa posterior á súa cocción
como marca de propiedade



29

XARRA

Alto: 19,00 cm
Diámetro boca: 12,00 cm
Diámetro base: 9,30 cm
Circunferencia panza: 48,00 cm
Peso: 1,13 Kg.
Colección: P.L.Q.

Observación: Recuperada hai uns cen anos, cando baleiraron os fornos tras a morte dos barraxeiros, pai e fillo; polo pai de P.L.Q.

“do forno da Casa do
Leiro, en Lamas”



“... os conxuntos de
sinxelas liñas gravadas
complementan
esteticamente a
funcionalidade...”



30

OURIÑAL

Alto: 28,00 cm
Diámetro boca: 31,00 cm
Diámetro base: 16,00 cm
Asas: altura 15 cm / ancho 4,00-6,00 cm
Colección: G.C.A.
Características: Peza decorada con
catro liñas paralelas incisas preto da
boca e outras catro no medio de corpo.
Tiña dúas asas



31

OLA DE DÚAS ASAS

Alto: 28,50 cm
Diámetro boca: 14,00 cm
Diámetro base: 13,00 cm
Diámetro panza: 87,00 cm
Asas: ancho 3,80 cm
Alto pescoco: 4,00 cm
Colección: M.P.G.
Características: Vidrado interior

“... procurando a forma
esferoidal con dúas asas
e boca que presenta o
rebordo clásico das olas...”



“... o deterioro causado polo uso gardou respecto pola fermosa M inicial gravada, seguramente representando o nome da persoa propietaria...”



32

XARRA

Alto: 24,00 cm
Diámetro boca: 15,00 cm
Diámetro base: 13,00 cm
Colección: X.F.B.
Características: inscrición “M”



33

ÁMBOA

Alto: 66,00 cm
Diámetro boca: 20,00 cm
Diámetro base: 18,00 cm
Diámetro panza: 46,00 cm
Colección: A.A.V.



“... a presenza do corpo
fermoso, arrodeado
por vincos, coa boca
reforzada a modo
de anel sobresaínte
e picho labrado na
mesma parede...”

“... atípica boca con anel interior, limitando o diámetro de saída, que presenta este deseño con asas e picho sobresaínte...”



34

MELEIRA

Diámetro boca: 16,00 cm
Diámetro base: 22,50 cm
Circunferencia panza: 95,50 cm
Lonxitude pitorro: 4,00 cm
Colección: M.C.



35


CACHARRO DA
AUGA BENDITA

Alto: 7,00 cm
Diámetro boca: 8,00 cm
Diámetro base: 6,00 cm
Circunferencia panza: 34,50 cm
Asa: ancho 2,50-2,00 cm
Colección: P.L.M.
Procedencia: Capela da Casa
Grande de Manán

“... a medida tasada
da auga para botar ás
crianzas no bautizo...”



“... as robustas asas
impediron que os estragos
causados polo tempo de
uso avansasen máis abaixo
do pescozo...”



36

PUCHEIRA

Alto: 26,00 cm
Diámetro boca: 14,00 cm
Diámetro base: 10,50 cm
Circunferencia panza: 80,00 cm
Altura pescozo: 4,00 cm
Asas: alto 10,00 cm / ancho: 4,00-4,50 cm
Colección: G.C.A.



37

BARRIL

Alto: 26,00 cm
Diámetro base: 9,50 cm
Circunferencia panza: 57,00 cm
Asas: ancho 4,00 cm
Colección: M.P.G.

“... as cores escuras que agasallan os anos amosan contrapunto con firmes regueiros trazados polo cacharreiro mentres o movemento da roda conserva vida...”



“... as formas antigas conservadas: sinxeleza e funcionalidade. Dúas asas e boca reforzada cunha canle onde encaixa o arame recente. A medio corpo o regueiro labrado e fermosa liña en ondas por debaixo...”



38

BARREÑÓN

Alto: 31,00 cm
Diámetro boca: 56,50 cm
Diámetro base: 19,50 cm
Asas: alto 12,00-13,00 cm / ancho 5,00-6,00 cm
Colección: G.C.A.
Características: posúe unha liña recta incisa que circunda o corpo na parte central e outra ondulada por debaixo



39


OLA CON ASAS

Alto: 37,00 cm
Diámetro boca: 18,50 cm
Diámetro base: 15,00 cm
Circunferencia panza: 120,00 cm
Alto pescozo: 4,00 cm
Colección: M.P.G.
Características: Vidrado interior

“... forma esferoide
rematada en paredes
verticais que circundan
a boca. Dúas asas que
ascenden e logo baixan
repentinamente para morrer no
propio corpo...”



“... acaído para transporte e depósito de licores. Gastado polo uso, de boca elegante e miúda coa súa barriga achaiada en dúas caras...”



40

BARRIL

Alto: 33,00 cm
Diámetro boca: 5,00 cm
Diámetro base: 12,00 cm
Diámetro panza: 25,00 cm
Diámetro pescozo: 3,50 cm
Colección: G.A.
Características: plano por dúas caras, facíanse así para adaptarse millor ao transporte nos animais de carga



41

OLA CON ASAS

Alto: 39,00 cm
Diámetro boca: 15,00 cm
Diámetro base: 14,00 cm
Circunferencia panza: 116,00 cm
Asas: ancho 3,50-3,20 cm
Colección: G.A.
Características: fáltalle unha asa

“... a perfección da forma
acentuada por tres liñas
trazadas na barriga e dúas
no reforzo da boca...”



“... as tazas do caldo,
alimento referencial na
vida das xentes de nós...”



42

CUNCAS/TAZAS

Alto: 7,00 cm
Diámetro boca: 15,00 cm
Diámetro base: 7,00 cm
Colección: X.F.B.
Procedencia: Perros
Características: vidrado interior





43

XARRA

Alto: 19,00 cm
Diámetro boca: 10,50 cm
Diámetro base: 7,00 cm
Circunferencia panza: 40,50 cm
Colección: M.C.

“... a forma estilizada,
aínda conservando
unha robusta presenza,
transmite sensación
de lixeireza...”



“... diversas aplicacións
e usos para a mesma
materia modelada polos
vellos artesáns...”



44

CANO DA AUGA

Lonxitude: 53,00 cm
Diámetro boca: 8,00 cm
Diámetro base: 14,00 cm
Colección: X.F.B.
Procedencia: Mosteiro de Samos





45

ÁMBOA

Alto: 50,00 cm
Diámetro boca: 19,00 cm
Diámetro base: 18,50 cm
Circunferencia panza: 139,00 cm
Alto pescozo: 4,50 cm
Colección: M.P.L.

“... un rego divide o reforzo que arrodea a boca e liñas a modo de ondas sen fin, debuxadas aproveitando o movemento de inercia que conserva a roda, conforman a presenza definitiva da ámboa...”



“... as formas peculiares
dos remates engalanando
as vivendas...”



46

PICARELO OU REMATE
DE CHEMINEA

Alto: 33,00 cm
Diámetro base: 11,00 cm
Colección: X.F.B.
Procedencia: Casa de Armesto, Lastres,
parroquia de Santiago de Renche



47

OLA DE MAZAR O LEITE

Alto: 33,00 cm
Diámetro boca: 16,00 cm
Diámetro base: 14,50 cm
Circunferencia panza: 96,50 cm
Colección: M.P.G.
Características: vidrado interior

“... a ola de mazar o leite
conserva tapadeira con
burato central por onde
sobe e baixa o mango
de madeira no seu
bater acompasado...”

“... as caras achaiadas transformando a presenza estética tal que derradeiro xesto revelador do coñecemento e dominio desta arte secular...”



48

BARRIL

Alto: 31,00 cm
Diámetro boca: 6,30 cm
Diámetro base: 11,00 cm
Asa: ancho 3,20-3,50 cm
Colección: M.P.G.
Características: Achatado por dous lados



49

OLA DE DÚAS ASAS

Alto: 31,00 cm
Diámetro boca: 12,00 cm
Diámetro base: 16,00 cm
Alto pescozo: 3,50 cm
Colección: X.F.B.
Procedencia: Vigo do Real, parroquia de Santiago de Renche
Características: ten gravadas as iniciais "DL"

“... a boca, delimitada por paredes verticais fai peculiar esta ola na cal o artesán gravou as iniciais D L...”




“... excelente execución técnica complementada coa achega plástica a medio de regos paralelos. Preto do fondo, o picho para verter...”



50

BARRIL

Alto: 38,00 cm
Diámetro boca: 7,00 cm
Diámetro base: 17,00 cm
Circunferencia panza: 115,00 cm
Asas: alto 13,00 cm / ancho 4,50-5,00 cm
Colección: G.C.A.
Características: Ten un picho preto da base



51

EMBUDE

Alto: 24,50 cm
Diámetro embocadura superior: 25,00 cm
Diámetro embocadura inferior: 5,50 cm
Circunferencia boca: 78,00 cm
Colección: M.C.

“... a mestría artesán
ao servizo da utilidade
nos instrumentos
da vida diaria...”



“... un único vinco reforza
o corpo do barreñón
figurando a modo de
complemento estético...”



52

BARREÑÓN

Alto: 31,00 cm
Diámetro boca: 44,00 cm
Diámetro base: 15,30 cm
Asas: ancho 4,00 cm
Colección: M.C.



53

ÁMBOA

Alto: 59,50 cm
Diámetro boca: 19,50 cm
Diámetro base: 19,00 cm
Alto pescoco: 5,00 cm
Circunferencia panza: 166,00 cm
Rebordo pescoco: 1,80 cm
Colección: M.C.
Características: na parte máis alta da panza ten gravada a inscrición "Año de 1731"

“... a beleza das formas expresada en cada peza
ano de 1731...”



“... a asa proporciona
a consistencia precisa
que afortala o corpo
da pucheira...”



54

PUCHEIRA

Alto: 27,00 cm
Diámetro boca: 14,50 cm
Diámetro base: 12,00 cm
Circunferencia panza: 78,00 cm
Alto pescozo: 4,00 cm
Asa: alto 12,00 cm / ancho: 3,40-5,00 cm
Colección: G.C.A.



55

BARRIL

Alto: 35,00 cm
Diámetro boca: 5,50 cm
Diámetro base: 11,50 cm
Circunferencia panza: 95,00 cm
Asas: ancho 3,50-4,00 cm
Colección: G.A.

“... pezas que deixan translucir a ‘alma’ á vista de nós, conservando a intención do artesán durante séculos...”



“... a canle riscada
marca o rebordo que
arrodea a boca. O corpo
complementado por un
picho e dúas asas, de
tipoloxía característica,
coa súa canle central...”



56

MELEIRA

Alto: 24,00 cm
Diámetro boca: 16,50 cm
Diámetro base: 15,00 cm
Circunferencia panza: 81,00 cm
Asas: alto 6,00 cm / ancho 3,00-4,00 cm
Pitorro: diámetro base 5,00 cm /
diámetro boca 3,30 cm / lonxitude 3,50 cm
Colección: G.A.
Características: vidrada interiormente



57

OLA CON ASAS

Alto: 40,00 cm
Diámetro boca: 17,50 cm
Diámetro base: 17,00 cm
Diámetro panza: 40,00 cm
Altura pescozo: 4,50 cm
Colección: G.A.
Características: fáltanlle as dúas asas

“... a forma de sinxela esfera garda harmonía ante os ollos que a observan. Unicamente dous reforzos moi elaborados circundan o corpo, por baixo da boca ben marcada, e dúas asas para erguer...”



“... peza, con aires de formas producidas en antigas culturas, marcada polo uso secular...”



58

PUCHEIRO

Alto: 25,50 cm
Diámetro boca: 14,50 cm
Diámetro base: 12,00 cm
Circunferencia panza: 73,50 cm
Colección: G.A.



59

MELEIRA

Alto: 21,00 cm
Diámetro boca: 10,00 cm
Diámetro base: 8,00 cm
Colección: X.F.B.
Procedencia: Santa María de Montán
(Samos)

“... asas e unha boca reforzada deixan ver a forma compacta, complementada polo achaiamento das caras laterais: circunstancia particular desta cerámica...”



“... tiras horizontais
reforzan o corpo da ámboa
mentres outra en sentido
vertical faino co picho, ao
tempo que fermosas liñas
en forma de ondas enchen
os espazos limpos...”



60

ÁMBOA

Alto: 50,00 cm
Diámetro boca: 22,00 cm
Diámetro base: 18,00 cm
Diámetro panza: 45,00 cm
Colección: G.A.
Características: ámboa con pitorro



61

BARREÑÓN

Alto: 32,50 cm
Diámetro boca: 48,00-49,50 cm
Diámetro base: 28,00 cm
Asas: ancho 4,50 cm
Colección: M.P.G.

“... as paredes verticais
definen un modelo de
barreñón pouco común
con asas robustas e
boca reforzada...”



“... humilde e fermosa,
coa súa boca peculiar
engalanada por liñas
que enmarcan os
rebordos, deixando ver
o chumbo marelo...”



62

GARRAFA PARA O MEL

Alto: 20,00 cm
Diámetro boca: 9,50 cm
Diámetro base: 9,00
Circunferencia panza: 54,00 cm
Asas: ancho 3,00 cm
Colección: G.C.A.



63

OLA

Alto: 39,50 cm
Diámetro boca: 13,00 cm
Diámetro base: 15,00 cm
Circunferencia panza: 114,50 cm
Colección: M.P.G.
Características: Orixinalmente tiña dúas asas. No seu día empregouse para gardar o mel

“... a boca de forma característica transmite un seu aquel de perfección á ola tradicional...”




“... unha canle divide o reforzo que enrodela a boca, confirmando a capacidade técnica do cacharreiro, complementada coa asa característica...”



64

PUCHEIRA PARA O MEL

Alto: 24,00 cm
Diámetro boca: 14,50 cm
Diámetro base: 9,50 cm
Circunferencia panza: 72,00 cm
Asas: ancho 4,00-5,00 cm
Colección: G.C.A.




65

ÁMBOA

Alto: 63,00 cm
Diámetro boca: 21,00 cm
Diámetro base: 20,00 cm
Circunferencia panza: 168,00 cm
Alto pescozo: 4,50 cm
Colección: G.C.A.

“... rebordo fendido por un regueiro único e liñas onduladas, reproducindo antigos modelos, entre os vincos superiores. Dimensións e formas ao alcance unicamente de mestres artesáns capacitados por un coñecemento ancestral...”

“... o corpo alto do
barreñón con catro
asas para facer o seu
agarrar doado...”



66

BARREÑÓN

Alto: 34,50 cm
Diámetro boca: 48,00 cm
Diámetro base: 20,50 cm
Circunferencia panza: 155,00 cm
Asas: ancho 4,50 cm
Colección: M.F.L.
Características: tiña catro asas,
fáltanlle dúas



67


XARRA DO VIÑO

Alto: 16,50 cm
Diámetro boca: 12,50 cm
Diámetro base: 9,50 cm
Asas: alto 8,00 cm / ancho: 4,00 cm
Colección: G.C.A.
Características: Xarra que se utilizou na pulpería Amador e Antonio López de Farbán (Sarria)

“... a xarriña do viño, que porta marca riscada pola persoa propietaria, testemuña do boureo das feiras e gardadora de vellos documentos de operacións comerciais...”



“... a inicial D gravada,
unha característica
particular desta cerámica
samonense...”



68

BARREÑÓN

Alto: 24,00 cm
Diámetro boca: 41,50 cm
Diámetro base: 15,00 cm
Asas: alto 10,00 cm / ancho 5,50 cm
Colección: G.C.A.
Características: conserva unha inicial
incisa sellemante a un “D”.
Ten catro asas



69

TAPAS DE OLA PARA
MAZARO LEITE

Alto: 5,00 cm
Diámetro boca: 16,00 cm
Diámetro base: 10,00 cm
Diámetro do burato: 2,00 cm
Colección: X.F.B.
Procedencia: Foxos, parroquia
de Samos

“... a tapadeira da ola
desgastada polos anos
de bater e bater, na
procura das balugas
mareliñas de manteiga...”

“... mayo veinte y três
del ochenta y uno, me
feçes Pedro Caldero
en su casa y ofiçio...”



70

ÁMBOA SEN PITORRO

Alto: 61,00 cm
Diámetro boca: 21,00 cm
Diámetro base: 16,00 cm
Circunferencia panza: 153,00 cm
Alto pescozo: 7,50 cm
Colección: M.P.G.
Características: ten gravados todo arrededor





71

ÁMBOA

Alto: 59,50 cm
Diámetro boca: 17,50 cm
Diámetro base: 16,00 cm
Circunferencia panza: 175,00 cm
Colección: M.P.G.
Características: Ámboa con pez.
O billote ou canilla arranca en sección circular e remata en sección cadrada

“... o picho inicia de feitura cilíndrica e remata en cadrado...”

“... os estragos do tempo reparados con maña e paciencia, arte de cerralleiro para conservar o barreñón tan apreciado...”



72

BARREÑÓN

Alto: 29,50 cm
Diámetro boca: 47,00 cm
Diámetro base: 20,00 cm
Colección: G.A.
Características: dúas asas





73

BARRIL

Alto: 26,50 cm
Diámetro base: 11,00 cm
Diámetro panza: 20,50 cm
Altura pescozo: 4,50 cm
Asas: alto 12 cm / ancho 3,50 cm
Colección: G.C.A.

“... asas que saen mesmo da barriga para morrer de par do pescozo, ao carón da boca estreita...”

“... aberta e sen fondo,
peculiar peza que semella
posuír trazas dun funil...”



74

EMBUDE

Alto: 30,00 cm
Diámetro embocadura de entrada: 31,00 cm
Diámetro embocadura de saída: 12,00 cm
Asas: ancho 6,00-3,50 cm
Colección: X.F.B.
Procedencia: A Cal, parroquia de Santo
Estevo de Calvor (Sarria)



75

BARREÑÓN

Alto: 26,50 cm
Diámetro boca: 50,00 cm
Diámetro base: 20,00 cm
Asas: alto 9,00 cm / ancho 4,50-6,00 cm
Colección: G.C.A.
Características: Posúe unha corda como reforzo

“... os elementos utilizados a maneira de reforzo varían en función da oportunidade ao alcance da persoa propietaria...”



“... as paredes robustas e a asa inclinada debuxan o perfil típico da xarra...”



76

XARRA

Alto: 19,00 cm
Diámetro boca: 12,50 cm
Diámetro base: 9,00 cm
Circunferencia panza: 50,00 cm
Asas: ancho 4,00-5,50 cm
Colección: M.P.G.



77

BARREÑÓN

Alto: 22,00 cm
Diámetro boca: 40,00 cm
Diámetro base: 16,00 cm
Asas: ancho 4,50-6,00 cm
Colección: X.F.B.

“... sen apenas capacidade funcional mais conserva un aquel de perfección...”

“... a forma de ampla boca e unha única asa presenta o perfil propio da pucheira...”



78

PUCHEIRA

Alto: 30,50 cm
Diámetro boca: 16,50 cm
Diámetro base: 10,50 cm
Diámetro panza: 29,00 cm
Altura pescozo: 3,50 cm
Asa: alto 10,00 cm / ancho 4,50-5,00 cm
Colección: G.C.A.



79

ÁMBOA

Alto: 48,00 cm
Diámetro boca: 15,00 cm
Diámetro base: 14,00 cm
Colección: G.A.

“... a variedade de
modelos é patente, mais
sempre a peza transmite
sensación de robusta
creación utilitaria...”

“... o reducido espesor
das paredes deixa ver
mostras de fragilidade
co paso do tempo...”



80

BARRIL

Alto: 26,50 cm
Diámetro panza: 27,00 cm
Diámetro base: 12,00 cm
Asas: alto 12,00 cm / ancho 4,00 cm
Colección: G.A.



81

PUCHEIRA DE DÚAS ASAS

Alto: 25,50 cm
Diámetro boca: 11,50 cm
Diámetro base: 9,50 cm
Circunferencia panza: 76,00 cm
Alto pescozo: 3,50 cm
Colección: M.P.G.
Características: Utilizouse para gardar
o mel. Vidrado interior

“... a boca arrodeada
por un reforzo dividido
por mor da canle
característica...”



“... o bico esvelto que dá saída á boca, enmarcada por unha peculiar faixa, rematada por rebordo sinxelo e dúas liñas debuxadas na barriga...”



82

XARRA

Alto: 20,00 cm
Diámetro boca: 10,00 cm
Diámetro base: 7,50 cm
Diámetro panza: 14,00 cm
Colección: G.C.A.
Características: decorada con dúas liñas incisadas na barriga. Fáltalle a asa.



83

BARREÑÓN

Alto: 33,00 cm
Diámetro boca: 42,00 cm
Diámetro base: 17,00 cm
Asas: ancho 4,00 cm
Colección: X.F.B.

“...a presenza de catro asas:
un elemento característico
dos barreñóns de Samos...”



“... forma esferoide con
pescozo vertical e boca
reforzada. No interior o
vidrado de chumbo...”



84

PUCHEIRA DO MEL

Alto: 15,00 cm
Diámetro boca: 7,00 cm
Diámetro base: 7,00 cm
Colección: X.F.B.
Procedencia: Santa María de Montán
Características: Vidrado interior



85

BARREÑÓN

Alto: 24,00 cm
Diámetro boca: 43,00 cm
Diámetro base: 17,00 cm
Asas: ancho 5,00-7,00 cm
Colección: X.F.B.
Procedencia: Lamas, parroquia de
San Mamede do Couto

“... a lea arrodando
a boca, en acertada
previsión protectora...”

“... as liñas decorativas,
riscadas entre os vincos,
foxen da representación
en ondas tan común...”



86

ÁMBOA

Alto: 64,00 cm
Diámetro boca: 18,00 cm
Diámetro base: 16,00 cm
Circunferencia panza: 152,00 cm
Colección: M.P.G.





87

BARREÑÓN

Alto: 39,50 cm
Diámetro boca: 57,50 cm
Diámetro base: 17,50 cm
Asas: ancho 5,00-7,00 cm
Colección: M.C.

“... tres vincos, ou tiras de reforzo, repartidos polo corpo do barreñón achegan consistencia e seguridade...”



“... a pucheira, tan
propia para poñer o
leite encol do lume...”



88

PUCHEIRA

Alto: 24,00 cm
Diámetro boca: 14,00 cm
Diámetro base: 10,00 cm
Circunferencia panza: 63,00 cm
Colección: G.C.A.



89

XARRA

Alto: 17,00 cm
Diámetro boca: 11,50 cm
Diámetro base: 9,00 cm
Asa: ancho 4,00-5,50 cm
Colección: M.C.

“... ferosa asa, con canle
central, que morre no
mesmo bordo da boca...”

“... nacer para ámboa e
ficar en barreñón, despois
dun rebordo e catro asas...”



90

BARREÑÓN

Alto: 40,00 cm
Diámetro boca: 58,50 cm
Diámetro base: 17,00 cm
Colección: G.A.



91

ÁMBOA

Alto: 51,00 cm
Diámetro boca: 20,50 cm
Diámetro base: 18,00 cm
Circunferencia panza: 164,50 cm
Alto pescoco: 5,50 cm
Colección: E.C.A.
Procedencia: Lugar de Balsa, en
parroquia de San Silvestre de Freixo.
Ten restos de pez no seu interior

“... o deseño das
ámboas oscila entre
formas alongadas e
as que se achegan á
perfección da esfera...”

“... dúas liñas paralelas
incisas, a medio corpo,
entre outras dúas a modo
de ondas...”



92

OURIÑOL REUTILIZADO
PARA FLOREIRO

Alto: 27,00 cm
Diámetro boca: 26,00 X 28,00 cm
Diámetro base: 15,00 cm
Asas: alto 15,00 / ancho 4,00 cm
Colección: B.M.
Procedencia: Samos
Características: ten vidrado
no seu interior



93

ÁMBOA

Alto: 52,00 cm
Diámetro boca: 19,00 cm
Diámetro base: 13,50 cm
Circunferencia panza: 139,00 cm
Alto pescoco: 4,00 cm
Colección: J.R.M.
Procedencia: Lastres
Características: ten vidrado no seu interior

“... rebordo liso da boca,
con apenas unha fina
liña na parte inferior.
Polo interior o baño
impermeabilizante de
chumbo derretido...”



“... forma que presenta dúas asas horizontais, un modo de colocación pouco habitual nesta cerámica...”



94

POTA CON ASAS
ATRAVESADAS

Alto: 21,50-23,50 cm
Diámetro fondo: 15,00 cm
Diámetro boca: 23,00-24,00 cm
Circunferencia panza: 91,00 cm
Asas: ancho 4,30 cm
Propiedade: G.A.
Características: dúas asas atravesadas.
Vidrada interiormente



95

OLA DE DÚAS ASAS

Alto: 33,00 cm
Diámetro boca: 16,00 cm
Diámetro base: 12,00 cm
Circunferencia panza: 99,00 cm
Asas: ancho 3,50 cm
Colección: G.A

“... a ola con dúas asas
garda semellanza cos
asados da Terra Chá...”

“... soi de R. diez de Valcarce
Vázquez y Quiroga...
Franco antto Gom
ez me fecit en Samos
en 18 de agosto del año
de 1706...”



96

ÁMBOA

Alto: 46,50 cm
Diámetro fondo: 28,50 cm
Diámetro boca: 19,00 cm
Circunferencia panza: 143,00 cm
Colección particular
Características: posúe 4 anxos
e 4 vieiras feitas con moldes





97

ÁMBOA

Alto: 54,00 cm
Diámetro boca: 17,50 cm
Diámetro base: 17,50 cm
Circunferencia panza: 148,00 cm
Colección: P.L.Q.



“... a perda das asas deixa unha boca cumprida con rebordo sinxelo ...”



98

POTA

Alto: 25,50 cm
Diámetro panza: 96,50 cm
Diámetro boca: 22,50 x 23,50 cm
Diámetro base: 15,00 cm
Circunferencia panza: 96,50 cm
Propiedade: P.L.Q.
Características: fáltanlle dúas asas



99

XARRA

Alto: 19,00 cm
Diámetro boca: 12 x 12,50 cm
Diámetro base: 9,30 cm
Circunferencia panza: 48,00 cm
Colección: J.L.M.

“..liñas serpentiformes
circundando a barriga e un, pouco
común, reforzo no bico..”



Soi del ^{or}ss An ^{me}Bo de la Sada
N^o de la V^a de la Yosa Fan^o Gomez
me Fe ut crue Samoz en 15 de Subo
año de 1720 3



100

ÁMBOA

Alto: 58 cm
Diámetro boca: 20,00 cm
Diámetro base: 19 cm
Circunferencia panza: 1,70 cm
Peso: 19,5 Kg.
Colección: G.C.A.

OUTRAS PEZAS
E FORMAS
TRADICIONAIS



ÁMBOAS

Son as pezas de maior tamaño elaboradas nesta comarca alfareira. Os modelos procuran a figura esferoide con certa tendencia ao alongamento, estreitando na base e contra a boca. Eran utilizadas como depósito de líquidos, viño e auga especialmente, e os seus corpos sen asas presentaban reforzos que os circundaban en forma de tiras de barro, coñecidas como vincos, unidos á parede da peza a medio dun risco feito previamente polo artesán. A boca configura deseños variados e na parte baixa do corpo aparece con frecuencia un picho que permite a saída do líquido nel almacenado. Entre os vincos, antes citados, é común o trazado de liñas en forma ondulada que complementan a súa funcionalidade con interesantes achegas plásticas.



01



02



03



04



05

01

Alto: 53,00 cm
Diámetro boca: 17,00 cm
Diámetro base: 15,00 cm
Circunferencia panza: 130,00 cm
Colección: J.R.M.

02

Alto: 58,00 cm
Diámetro boca: 21,00 cm
Diámetro base: 17,00 cm
Circunferencia panza: 150,50 cm
Alto pescozo: 5,50 cm
Colección: J.R.M.
Características: Ten restos de pez

03

Alto: 53,00 cm
Diámetro boca: 20,00 cm
Diámetro base: 17,00 cm
Diámetro panza: 48,00 cm
Colección: G.C.A.

04

Alto: 52,00 cm
Diámetro boca: 17,50 cm
Diámetro base: 15,60 cm
Circunferencia panza: 157,00 cm
Alto pescozo: 6,00 cm
Colección: G.A.

05

Alto: 47,00 cm
Diámetro boca: 16,50 cm
Diámetro base: 18,50 cm
Circunferencia panza: 138,00 cm
Alto pescozo: 4,50 cm
Colección: M.P.G.
Características: Vidrado interior.
Non ten pitorro pero si un oco
feito posteriormente

BARREÑÓNS

O cacharro con utilidade máis definida, necesario na casa labrega á hora da matalota, pois nel era onde se depositaba a zorza dos chourizos agardando a súa sazón. Aparecen en diversos tamaños, en relación coa cantidade daquela, presentando estes de Samos a particularidade de incorporar asas exentas en número de dúas ou catro. A boca vai reforzada a miúdo, cun marcado rebordo, mentres son escasos os que posúen elementos decorativos en forma de liñas emparelladas mesmo combinadas con outras a modo de ondas. Algún destes barreñóns presenta un ou varios reforzos, que circundan o seu corpo, situados a media altura entre a base e a boca, semellantes aos que levan as ámboas, conformados por unha tira do propio barro unida á parede do cacharro.



01

Alto: 20,00 cm
Diámetro boca: 36,00 cm
Diámetro base: 15,00 cm
Asas: ancho 4,50-6,50 cm
Colección: M.F.L.

02

Alto: 35,00 cm
Diámetro boca: 53,50 cm
Diámetro base: 15,00 cm
Colección: G.A.

03

Colección: G.A.

04

Procedencia: Lamartín
(Foto cedida por S.R.G.L.)

05

Procedencia: Lamartín
(Foto cedida por S.R.G.L.)

06

Alto: 22,20 cm
Diámetro boca: 39,00-37,00 cm
Colección: M.P.G.
Características: Vidrado interior

07

Diámetro boca: 40,00 - 36,50 cm
Diámetro base: 15,60 cm
Asas: ancho 4,50-5,00 cm
Colección: M.P.G.
Características: Vidrado interior

08

Alto: 22,00 cm
Diámetro boca: 34,00 cm
Diámetro base: 15,00 cm
Asas: ancho 5,00-7,00 cm
Colección: X.F.B.

09

Alto: 28,50 cm
Diámetro boca: 48,00 cm
Diámetro base: 18,00 cm
Colección: M.P.G.

10

Alto: 16,00 cm
Diámetro boca: 31,00 cm
Diámetro base: 13,00 cm
Asas: ancho 3,50-5,00 cm
Colección: X.F.B.



11



12



13



14



15



16



17



18



19

11

Alto: 35,00 cm
Diámetro boca: 55,00 cm
Diámetro base: 20,00 cm
Asas: ancho 4,00-6,00 cm
Colección: X.F.B.

12

Alto: 23,50 cm
Diámetro boca: 42,50 cm
Diámetro base: 16,00 cm
Asas: ancho 5,00-6,00 cm
Colección: M.P.G.

13

Alto: 26,00 cm
Diámetro boca: 37,00-39,00 cm
Diámetro base: 17,00 cm
Asas: ancho 5,00 cm
Colección: M.P.G.
Características: Vidrado interior.
Catro asas, quedalle unha

14

Alto: 30,00 cm
Diámetro boca: 50,50 cm
Diámetro base: 19,50 cm
Colección: M.P.G.

15

Alto: 36,00 cm
Diámetro boca: 57,00 cm
Diámetro base: 23,50 cm
Asas: ancho 5,50-7,50 cm
Colección: M.P.G.

16

Alto: 33,00 cm
Diámetro boca: 54,00 cm
Diámetro base: 16,00 cm
Asas: ancho 4,00-5,50 cm
Colección: X.F.B.

17

Alto: 38,50 cm
Diámetro boca: 64,00 cm
Diámetro base: 20,00 cm
Asas: ancho 4,50-6,00 cm
Colección: G.A.

18

Alto: 26,50 cm
Diámetro boca: 42,00 cm
Diámetro base: 17,00 cm
Asas: ancho 4,50-5,00 cm
Colección: G.A.

19

Alto: 20,00 cm
Diámetro boca: 37,50 cm
Diámetro base: 16,00 cm
Asas (2): ancho 6,00 cm
19 Colección: G.A.



20



21



22



23



24



25



26



27



28

20

Alto: 25,50 cm
Diámetro boca: 38,50 cm
Diámetro base: 15,00 cm
Asas: alto 9,00-10,00 /
ancho 4,00-5,00 cm
Colección: G.A.

21

Alto: 26,00 cm
Diámetro boca: 33,50 cm
Diámetro base: 14,00 cm
Asas: alto 10,00 cm /
ancho 5,00-6,00
Colección: G.A.

22

Alto: 21,00 cm
Diámetro boca: 40,50-41,00 cm
Diámetro base: 14,50 cm
Asas: alto 9,00-10,00 /
ancho 4,00-6,00 cm
Colección: G.A.

23

Alto: 27,00 cm
Diámetro boca: 43,50 cm
Diámetro base: 18,50 cm
Colección: G.A.

24

Alto: 32,50 cm
Diámetro boca: 59,00 cm
Diámetro base: 22,00 cm
Colección: G.A.

25

Alto: 24,50 cm
Diámetro boca: 43,00 cm
Diámetro base: 17,00 cm
Asas: alto 9,00-10,00 /
ancho 5,00-6,00 cm
Colección: G.C.A.

26

Alto: 28,50 cm
Diámetro boca: 41,00 cm
Diámetro base: 18,00 cm
Asas: alto 11,00 / ancho 4,50-5,50 cm
Colección: G.C.A.
Características: 4 asas

27

Alto: 33,50 cm
Diámetro boca: 55,50 cm
Diámetro base: 18,00 cm
Asas: ancho 4,50 cm
Colección: M.P.G.

28

Alto: 28,00 cm
Diámetro boca: 36,50 cm
Diámetro base: 16,50 cm
Circunferencia panza: 128,50 cm
Asas: ancho 5,50 cm
Colección: P.L.M.


CANOS DA AUGA E LADRILLOS

Os novos tempos foron incorporando novas formas adaptando a capacidade técnica e materiais ao servizo das necesidades creadas. As conducións de auga foron unha destas formas que afastándose dos modelos tradicionais de pezas cerámicas, elaborados secularmente nos obradoiros destes cacharreiros, respostan a unha demanda concreta solucionada polos artesáns como se fose outra calquera do seu repertorio. Os ladrillos foron pezas elaboradas dende antigo. A feitura gardaba a forma das formas ou marcos de madeira que se utilizaban a xeito de molde. No relativo á utilidade, era frecuente o seu emprego como base en fornos de cocer o pan ou en determinados lugares encol dos cales se facía lume, pola súa resistencia ao calor. Tamén se utilizaban para cubrir o chan dalgúns espazos a modo de baldosas pequenas.



PICARELOS OU REMATE S DE CHEMINEAS

Engalanando as vivendas desta comarca alfareira podemos observar en ocasións tanto remates, en forma de pináculos ou cuncas unidas de dúas en dúas, asentados nos extremos do engalletado que remata os lousados, como mesmo encol da tapa que cobre as chemineas. Estes elementos característicos consérvanse na actualidade en contadas construcións a modo de mudas testemuñas desta actividade practicamente esquecida.



A PLÁSTICA

Fermosas liñas rectas trazadas en grupos de dúas, tres ou máis. Outras mantendo o debuxo serpentiforme en forma de ondas, máis ou menos inclinadas. En ocasións entrelazadas e, moi ao raro, figurando repenicos. Sempre reproducindo modelos de vello asociados aos arquetipos estéticos propios da cultura de nós. A funcionalidade complementada con achegas creativas dos mestres cacharreiros que transforman o obxecto material en algo máis que un simple elemento utilitario. Artesáns que por veces deixaron gravadas nas pezas lendas cos seus nomes, lugares, datas e mesmo lembranzas e sentimentos.



REBORDOS, ASAS, BICOS E PICHOS

A elaboración dos cacharros encol da roda vai dende o inicio, ao “centrar” o bolo de arxila, até o remate no que se fai o rebordo da boca. Esta parte presenta deseños propios en cada una das pezas baseándose na funcionalidade das mesmas, mais en ocasións o artesán recrea a súa arte nestes remates con variacións estéticas que lles confiren unha personalidade propia. Previamente a quitar a peza da roda é chegado o intre de colocar os complementos necesarios. As asas de Samos presentan en grande parte unha canle central de modo que, tipoloxicamente falando, podemos decir que predomina un mesmo modelo. Os bicos aparecen incorporados en algunhas pezas, tal que as xarras, para facilitar o verquido do líquido que almacenan. Outro tanto podemos falar dos pichos, que comparten función cos bicos, e figuran situados maioritariamente contra a parte da base aínda que en ocasións se atopan na parte alta da barriga, caso dalgún tipo de meleiras. As ámboas presentan en ocasións algúns modelos de pichos coa particularidade de començar circulares, na unión co corpo da peza, e rematar figurando en forma cadrada.



XARROS, PUCHEIRAS, OLAS, MELEIRAS E BARRÍS

Os xarros eran de tamaño reducido e utilizábanse para o viño nas tabernas e chigres ambulantes que ían polas feiras. En ocasións levan riscada unha marca identificativa da industria propietaria, feita posteriormente a coción. As pucheiras e olas presentan un deseño parecido, mais as primeiras levan sempre unha asa mentres que as olas non levan ningunha, excepto algún caso especial que soportan dúas. Ambas as pezas serven para conter líquidos tal que leite e auga, principalmente. As meleiras propiamente ditas teñen dúas asas e unha boca dobre que posúe a función de almacenar auga para evitar a entrada de todo tipo de insectos. Tamén se utilizaron para gardar o mel outros cacharros de formas diversas, distintas das meleiras. Os barrís estaban destinados á auga, viño e mesmo licores variados. Posuían unha boca reducida e polo xeral unha ou dúas asas. Una peculiaridade propia desta zona alfareira era o achaiamento das caras destes barrís, transformando a peza que saía redonda da roda en cuadrangular.



01

Alto: 23,00 cm
Diámetro boca: 16,00 cm /
polo bico 16,50 cm
Diámetro base: 11,50 cm
Circunferencia panza: 65,00 cm
Colección: M.P.G.

02

Colección: G.A.

03

Alto: 21,50 cm
Diámetro boca: 12,50 cm
Diámetro base: 10,00 cm
Circunferencia panza: 58,00 cm
Asas: alto 6,00 / ancho 3,50-4,00 cm
Colección: X.F.B.

04

Alto: 22,00 cm
Diámetro base: 8,50 cm
Colección: J.R.M.

05

Alto: 18,00 cm
Diámetro boca: 13,50 cm
Diámetro base: 9,00 cm
Circunferencia panza: 47,00 cm
Colección: M.C



06



07



08



09



10



11



12



13



14



15



16

06

Alto: 27,50 cm
Diámetro boca: 14,50 cm
Diámetro base: 12,00 cm
Colección: G.C.A.

07

Alto: 22,00 cm
Diámetro boca: 14,00 cm
Diámetro base: 10,00 cm
Colección: X.F.B.

08

Alto: 19,00 cm
Diámetro boca: 12,50 cm
Diámetro base: 9,00 cm
Circunferencia panza: 46,00 cm
Colección: G.A.
Características: Ten unha marca feita despois de cocelo

09

Alto: 20,00 cm
Diámetro boca: 13,50 cm
Diámetro base: 10,00 cm
Circunferencia panza: 55,00 cm
Asa: alto 5,50 / ancho 3,50 cm
Colección: G.A.

10

Alto: 21,00 cm
Diámetro boca polo bico: 13,00 cm
Diámetro base: 10,00 cm
Circunferencia panza: 46,00 cm
Asa: ancho 3,50 cm
Propiedade: G.A.

11

Alto: 22,00 cm
Diámetro boca polo bico: 14,00 cm
Diámetro base: 10,50 cm
Circunferencia panza: 66,00 cm
Asa: ancho 3,50 - 4,50 cm
Colección: G.A.

12

Alto: 24,00 cm
Diámetro boca: 12,50 cm
Diámetro base: 10,00 cm
Circunferencia panza: 69,00 cm
Asa: ancho 4,00 cm
Colección: G.A.

13

Alto: 20,00 cm
Diámetro boca: 13,50 cm
Diámetro base: 8,50 cm
Circunferencia panza: 53,50 cm
Colección: G.A.

14


Alto: 17,00 cm
Diámetro boca: 12,00 cm
Diámetro base: 9,50 cm
Circunferencia panza: 46,00 cm
Asa: ancho 3,50 cm
Colección: G.A.

15

Alto: 23,00 cm
Diámetro base: 16,50 cm
Diámetro boca: 26,50 cm
Circunferencia panza: 73,00 cm
Asas: ancho 3,50 cm
Propiedade: G.A.

16

Alto: 32,00 cm
Diámetro boca: 14,00 cm
Diámetro base: 12,00 cm
Circunferencia panza: 81,00 cm
Propiedade: J.R.M.



Arqueometría da cerámica popular de Samos

ÓSCAR LANTES SUÁREZ

Unidade de Arqueometría. RIAIDT. Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

A elaboración de cerámica é unha manifestación humana que aparece no Neolítico e que dá mostra dun avance tecnolóxico moi importante para a humanidade e que ten, tamén, importantes repercusións artísticas. O estudo dos restos cerámicos, que aparecen nos xacementos arqueolóxicos, é crucial para entender moitos aspectos das sociedades do pasado. Estes restos, conservados despois de centos de anos e incluso milenios, reteñen moita información sobre a súa elaboración, estilo, uso... Un modo de ler esta información é a través da arqueoloxía clásica, a través dos estudos de recontos de pezas, estudos formais, estilísticos, etc. Outro modo complementario é a través da arqueometría. A arqueometría é unha disciplina científica que se basea na utilización de diferentes técnicas físico-químicas aplicadas á análise de obxectos arqueolóxicos ou incluso aplicadas a outro tipo de bens culturais.

No caso concreto da cerámica, empregar a arqueometría vains permitir caracterizar as materias primas coas que foron elaboradas as pezas e, tamén, coñecer a procedencia destas materias primas, a través da comparación

coa oferta de arxilas que ofrece o territorio. Ou ben, pódese extraer información relativa á tecnoloxía de procesado destas pastas e tamén información sobre as condicións de cocción. Incluso pode saberse como se conservou ou alterou unha peza cerámica desde o seu abandono ata os nosos días. Aínda que pareza increíble, a través da arqueometría, e utilizando un deseño experimental adecuado aos obxectivos que nos formulemos, podemos desvelar toda a cadea técnica operativa que se percorreu desde a busca das materias primas, o procesado destas, a elaboración do obxecto cerámico, a cocción e ata o seu uso e abandono. Esta información non ten valor tan só en si mesma, senón que é útil porque axuda a desvelar outra información máis oculta relacionada ca economía, co comercio, cos movementos, o estilo de vida, ás crenzas e o pensamento dunha sociedade. A cerámica popular, ao igual que a arqueolóxica en *sensu strictu*, tamén pode ser abordada por este tipo de estudos, especialmente naqueles casos nos que xa se extinguiu a actividade oleira, como sucede na cerámica popular de



Samos, desaparecida aló polos anos 50 do século XX.

A cerámica de Samos, que teñamos constancia, non se analizou arqueometricamente con anterioridade, salvo algunhas caracterizacións composicionais realizadas na Unidade de Arqueometría (RIAIDT) da Universidade de Santiago de Compostela, desde o ano 2001, e promovidas polo catedrático de Prehistoria José Manuel Vázquez Varela. No estudo que queremos presentar agora, recompilamos to-

01
Mapa xeolóxico da contorna de Samos e Sarria. Elaborado a partir de Martínez Catalán et al. (1980).
En amarelo: sedimentos terciarios; rosa: rochas graníticas; laranxa: lousas e areniscas con niveis anfibólicos; verde: lousas e cuarcitas de idade cámbrica ordovílica e silúrica



02

dos eses resultados e comparámo-los con análises de barros da contorna para ter unha visión, ao menos preliminar, do facer oleiro de Samos, en especial, no relaciona- do coa orixe das materias primas e outros aspectos tecnolóxicos.

A CONTORNA XEOLÓXICA DE SAMOS

Para poder indagar sobre as ma-terias primas que se empregaron na elaboración das cerámicas de Samos, o máis importante é es- tudar cales son as fontes potenciais de arxila dispoñibles na contorna. A través da análise da xeoloxía da zona de Samos e Sarria (figura 1 e anexo 5) atopamos uns materiais xeolóxicos, os sedimentos terciarios, que son ricos en arxilas e de aí susceptibles de conter materias primas utilizables. Estes materiais están reenchendo as bacías de Sarria, Monforte, Vilamaior, Oural e Teibilide. Tamén, existen aflora- mentos illados na contorna de Sa- mos (pequenas manchas amare- las designadas na figura 1 como A, B, C, D e E) así como sedimen- tos pliocuaternarios dentro da ba- cía de Sarria.

A elección dunha barreira (fonte de arxila) ou doutra por parte dos

ceramistas, segundo nos comuni- ca José Manuel Vázquez Varela, non só depende de que a calida- de do barro sexa boa, senón que tamén depende doutros factores coma a accesibilidade, a facilita- de para o transporte e, como non, ter permiso ou dereito do seu uso. Este feito condiciona que, de en- tre o total de lugares potencial- mente explotables, se usasen un número limitado deles, é dicir, existe unha condicionalidade no uso dos recursos dispoñibles.

A ELECCIÓN DAS ÁREAS DE ESTUDO

Como non é posible, nun estudo desta envergadura, analizar sis- tematicamente centos de mos- tras e caracterizar todos os ba- rreiros que puideron ser utilizados antigamente, é necesario fixar uns criterios para escoller un nú- mero mínimo de lugares para es- tudar e ver cales poden ser os máis representativos para reco- ller mostras.

En primeiro lugar, parece aconse- llable centrarse na contorna máis próxima de Samos, que é onde hai referencias de industria oleira pois, habitualmente, a máis próxima é a que se escolle para evitar un trans-

porte complexo. Outro criterio que se debe de ter en conta é fixarse en lugares concretos nos que o ba- rro se ve a simple vista e, en espe- cial, se hai referencias etnográficas que confirmen que se explotaron antigamente ou ben que haxa re- ferencias á existencia de fornos de cocción ou de talleres de oleiros. Na actualidade, só quedan poucas per- soas de arredor duns 90 anos que se acordan moi vagamente dos lu- gares onde se extraía o barro.

Grazas á documentación achega- da por Hixinio Flores e, tamén, por Manuel Fernández (Lolo) e Car- los de Lamartín, soubemos que os oleiros da comarca de Samos es- taban moi concentrados nunha pequena zona que abarcaba as vi- las de Romelle, Vilamelle, Lamas, Roxofrei, San Mamede do Couto, Loureiro e Lourido Grande; de fei- to, en case todos estes lugares consérvanse restos de fornos. As mellores barreiras, probablemente, estaban en Vilaceite e segundo re- colle García Alén, no seu libro da *Alfarería de Galicia*, había outras barreiras en Lamartín (como as de Ribas de Guar) e en Lourido Pe- queno, pero de calidades inferio- res. Nas Pozas do Barro, preto de Pascais e Gontán, existía un barro similar e de boa calidade ao de Ri- bas de Guar, neste último si está

confirmado o seu uso na constru- ción de tellas. Tamén, outras zonas próximas a Pascais e o Castro de Romelle, foron mencionadas polos veciños e, no caso concreto das barreiras de Romelle, os propios veciños definían o barro coma de mala calidade. Lamas é outro lugar onde se sabe da existencia de for- nos na vila que foron destruídos, hai uns 30 anos, para facer cortes, o que suxire que esta zona tamén puido, moi probablemente, ser ex- plotada noutro tempo. O petón do Cuco ou as barreiras de Córcova (parroquias de Lamartín e Montán, respectivamente) son outros dos lugares dos que se ten constancia da extracción de arxila e nos que se conservan, aínda, os buratos de extracción. No denominado «For- no do Mosteiro» (lugar de Lourido Grande) afirman que alí se fixeran tellas para o mosteiro de Samos con barro que se sacaba do outro lado da estrada, nun prado coñeci- do como «As barreiras» e «O Ba- rrido» e que xa pertencen ao lugar de Lourido Pequeno.

Xa relativamente máis lonxe, exis- ten outros datos que confirman a amplitude da industria cerámi- ca da comarca. Hai constancia de que en Perros, parroquia de Calvor (concello de Sarria), a mediados do século XVIII, houbo un oleiro,

03



02
Fotografías dos recipientes cerámicos analizados
(para ver máis detalles deles, ver os anexos 1 e 2).
Escala: 1 x 0,5mm.

03
Fotografías dos barros analizados
(para ver máis detalles deles, ver os anexos 1, 2 e 3).
Escala: 1 x 0,5mm.

non obstante, no se atoparon restos de ningún forno. E na bacía de Teibilide recollen barro que se usa para forrar os fornos de pan pero, non obstante, non se ten constancia de actividade oleira. Tampouco hai información sobre actividade oleira por Oural, porén, si queda máis ao sur, en Rubián, unha cheminea dunha antiga fábrica de ladrillos, probablemente alimentada con barro das zonas próximas (bacía sedimentaria de Monforte).

Xuntando este conxunto de información etnográfica co estudo xeolóxico, seleccionamos 23 lugares que son, ou poderían ser, zonas de extracción de barros (detalles no anexo 2). Nalgúns destes lugares recolléronse mostras de cerámica e de barros para analizar. Sendo conscientes do limitado dos lugares mostreados, é necesario deixar para un futuro estudo novas tomas de mostras así como estender os lugares de interese a outros puntos máis afastados cara ás bacías de Sarria, Vilamaior ou Monforte.

AS MOSTRAS ANALIZADAS

Escollemos recipientes cerámicos, materiais construtivos, barros e vi-

drados para analizar (figuras 2, 3 e anexos 1, 2 e 3). Os recipientes cerámicos e os materiais construtivos son fragmentos de pezas atopadas, na maioría, ao carón de fornos. Os barros foron mostreados entre os lugares estudados mencionados previamente. Os vidrados escolléronse de entre as pezas cerámicas nas que se detectaron restos, uns de cor melada e outros verdosos.

O PROCESO DE ANÁLISE ARQUEOMÉTRICA

Paralelamente á escolla das mostras, hai que pensar que técnicas de análise empregamos, pois son moitas as técnicas dispoñibles na actualidade e, en función do que se queira saber, é aconsellable utilizar unhas ou outras. Poñendo un símil coa medicina, segundo o que un médico necesite saber do noso estado de saúde solicitaráunos facer unha análise de sangue, unha resonancia ou ben, simplemente, nos tomará o pulso.

Neste caso, senón medicina case ciencia forense, o que nos interesa é caracterizar as pastas cerámicas para saber que barros puideron usar e tamén nos interesa coñecer

o proceso tecnolóxico de fabricación (como procesaron as materias primas, como se coceron as pezas, como aplicaron os vidrados, etc.). Para analizar as pastas cerámicas decidimos utilizar unha técnica que se chama difracción de raios X e que permite identificar os minerais que compoñen tanto as cerámicas coma os barros. Sabendo que minerais teñen, xa se pode aventurar se as cerámicas se parecen entre si ou se son totalmente distintas, e a ausencia ou presenza dalgúns determinados minerais vainos permitir estimar a que temperaturas foron cocidas e incluso se a atmosfera de cocción era oxidante ou redutora, isto é, canto aire deixaron que entrara na cámara do forno no proceso de cocción. Tamén empregamos outra técnica que se chama fluorescencia de raios X. Con esta técnica pódese identificar e cuantificar os elementos químicos dunha mostra, os que máis abundan ou maioritarios, os que menos abundan ou minoritarios e os que son bastante raros e tan só están presentes en cantidades moi pequenas ou cantidades traza. Coñecer a composición elemental dunha mostra é moi importante porque obtés os valores de concentración, valores cuantitativos, duns 25-30 elementos químicos e estes datos, combinados

para unha mesma mostra, funcionan coma unha pegada dixital desta, é dicir, cada mostra vai ter a súa pegada dixital que a vai caracterizar. Se despois de medir estes elementos empregamos estatística cos datos, podemos relacionar as mostras e saber cales son máis parecidas entre si e cales menos parecidas. Deste modo, se varias cerámicas se parecen unicamente a un barro xa nos estaría indicando que ese é o barro con maior probabilidade de ter sido usado.

No caso dos vidrados, interéranos velos nun microscopio, moi en detalle, para ver como é o seu estado de conservación, se están corroídos, que grosor teñen e tamén analizar a súa composición química para identificar os ingredientes cos que foron elaborados. Para iso, utilizamos a microscopía electrónica de barrido, coa que podemos ver moi de cerca a superficie dos obxectos, máis alá que cun microscopio óptico. Outra vantaxe desta técnica é que dispón dun accesorio que se chama EDX co que se pode facer unha análise puntual de elementos químicos. Así, por exemplo, se tes chumbo nun vidrado, vas detectalo e poderás saber a súa concentración. Toda esta información que adquirimos vainos servir despois para coñecer como

se elaboraba esta cerámica, o grao de estandarización da produción, as escolas cerámicas, etc.

No anexo 4, engadimos un texto coa metodoloxía empregada nas análises para que se outros investigadores queren facer máis análises nun futuro, saiban as características dos equipos que empregaron e que condicións de medida se usaron.

A MINERALOXÍA DAS PASTAS E ALGÚNS DATOS SOBRE A COCCIÓN

Un dos aspectos que máis interesa coñecer na caracterización arqueométrica dunha cerámica, é saber que minerais forman a pasta. Unha cerámica é un produto artificial creado pola man do home a partir de terras e barros naturais. Estes barros deben de ter un contido moi alto de arxilas que son as que ao transformarse por efecto da calor nun produto case vítreo van actuar de «cementantes» do resto das partículas minerais e graos de rocha que contén o barro. No caso das cerámicas, estas partículas, areas e gravas, denomínanse habitualmente «desgraxan-

tes», porque ademais de favorecer a resistencia térmica das cerámicas, melloran o traballo coas arxilas diminuindo o seu estado «graxo». De entre as arxilas, a mellor para elaborar cerámica é o caolín, que en estado puro ten un aspecto moi fino e branco. Un barro ideal debería ter, pois, unha alta cantidade de caolín na súa composición. O caolín ou, máis correctamente, o mineral caolinita, ao someter a peza modelada a altas temperaturas, o proceso de cocción, transfórmase en metacaolinita (sobre os 550 °C). A metacaolinita xa non se detecta na técnica de difracción de raios X que é a que empregamos para identificar os minerais. Isto non significa que xa non estea presente este composto, senón que se volveu «invisible» a esta técnica. No proceso de cocción, tamén poden formarse outros minerais segundo se acadan temperaturas superiores. A súa identificación vainos permitir estimar cales foron os máximos de temperatura alcanzados nos fornos durante o proceso de cocción.

Na análise en difracción de raios X das mostras deste estudo, detectamos claramente caolinita nos barros, e non nas pezas cerámicas cocidas, debido ao proceso expli-

cado anteriormente. O principal desgraxante que atopamos, detectado tanto en barros coma nos recipientes e tellas de Samos, foi o cuarzo, practicamente sempre presente en concentracións superiores ao 50%. Outros desgraxantes tamén moi frecuentes nos barros, pero case ausentes nas cerámicas son os feldespatos potásicos e especialmente as plaxioclasas. A mica detectouse tanto nos barros crus como nas cerámicas, pero coa diferenza de que nas cerámicas non se detectou o mineral tal cal, senón unha variante de mica deshidroxilada, isto é, unha mica que por causa das altas temperaturas, «tostouse» perdendo parte do contido acuoso da súa estrutura. Estas transformacións minerais estannos indicando, segundo se recolle amplamente na bibliografía arqueométrica, que as cerámicas deberon de cocerse entre os 900-950 °C, pero non a temperaturas superiores, posto que non se detectan outros minerais que soen aparecer a partir destas temperaturas coma a mullita ou cristobalita e si se detecta espinela nalgunha mostra (a tella SAM08b) que se forma sobre esas temperaturas e desaparece a temperaturas aproximadamente superiores aos 950 °C. En experimentos de recocción realizados para o barro SAM09 xunto a Manuel

Fernández confirmouse que non se superaron os 940 °C. Este rango de temperaturas de cocción é coherente coa dureza que atopamos nas cerámicas e coa súa sonoridade cando as golpeas, outra das probas físicas cualitativa que axuda a estimar estas temperaturas. Por outra parte, a cor das cerámicas e dos barros é proporcionada polo ferro en forma de hematita, outro mineral case sempre presente nestas mostras e que confirma unha cocción en atmosfera oxidante. En dous recipientes (SAM07: suposta meleira; SAM09: o barro) a cor é claramente agrisada e non se detecta hematita, o que nos indicaría que, neste caso, a cocción foi de carácter predominantemente reductor.

A mineraloxía, ademais de darnos pistas sobre a cocción, tamén achega información sobre a orixe das cerámicas. A composición mineralóxica atopada nas cerámicas (recipientes e tellas) é claramente cuarcítico-caolinítico-micácea e, no caso dos barros, cuarcítico-caolinítico-micácea con plaxioclasa e algo de feldespato potásico. A non detección de plaxioclasa e feldespato potásico nas cerámicas, pode deberse a un proceso de destrución por fusión destes minerais na

cocção. A mineraloxía dos barros coincide claramente coas composicións esperadas para estes materiais xeolóxicos, segundo se recolle na memoria do mapa xeolóxico 1:50.000 de Sarria (folia n.º 124; ver o anexo 5). Todo parece indicar, pois, que estes sedimentos terciarios, os barros analizados, son uns bos candidatos a ser as fontes das materias primas empregadas na elaboración das cerámicas de Samos. E podemos engadir ademais que non hai evidencias que suxiran que esas materias primas foron alteradas en procesos de mestura ou selección de materias primas, aínda que para a fabricación de tellas, si é certo, utilizan fraccións dos barros menos traballadas con incluso anacos de xistos de ata 1 cm de diámetro (estes xistos son moi ricos en mica e enriquecen a composición final das tellas neste mineral). No anexo 6, pódense consultar os resultados da análise mineralóxica para cada unha das mostras analizadas.

A COMPOSICIÓN ELEMENTAL DAS PASTAS

Un segundo nivel de estudo arqueométrico é a análise de ele-

mentos químicos. Os minerais que analizamos anteriormente están compostos de elementos químicos, ambas as análises deberían de ser equivalentes, pero a identificación mineral ten a limitación de que só aqueles minerais que sexan cristalinos van ser detectados por difracción de raios X. Deste modo, queda unha importante fracción non cristalina das pastas cerámicas que queda sen analizar, basicamente a fracción arxilosa («invisible» no proceso de cocción). Así, podemos dicir que coa análise de elementos químicos podemos facer unha análise total das pastas e imos poder obter unha boa pegada dixital que caracterice claramente cada mostra, permitindo, así, poder realizar unha comparación máis certa e cuantitativa entre barros e cerámicas.

Os elementos químicos que se identificaron e se cuantificaron son: magnesio, aluminio, silicio, fósforo, xofre, cloro, potasio, calcio, titanio, vanadio, cromo, bario, manganeso, ferro, níquel, cobre, cinc, galio, arsénico, bromo, rubidio, estroncio, itrio, circonio, niobio, chumbo e torio.

Unha vez obtidos os datos (anexo 7), o primeiro paso é facer unha

comparativa global e ver se hai algún elemento químico que destaque nalgunha mostra. Ao facer esta comparativa, comprobamos como o fósforo ten unha maior concentración nas mostras SAM02, SAM05 e SAM06 (respectivamente, un anaco de caño, unha tella e un pucheiro), probablemente, estes niveis estean causados por contaminacións posteriores, ben en momentos do uso ou ben no abandono. O xofre e o cloro tamén resultaron ser altos, por encima da media, para a cunca SAM10. Os contidos de cloro poden explicarse sinxelamente, porque logo de preguntarlle ao donante desta cunca, Carlos de Lamartín, confirmounos que a cunca estivo gardada durante anos nunha lacena onde tamén se almacenaba o sal. De feito, nesta mostra, estaba totalmente corroída polo seu exterior, un efecto deteriorante habitual causado polo sal. Para o caso do xofre, non temos unha explicación, pero seguramente se trate, tamén, dalgún tipo de contaminación, quizais sulfatos agrícolas. Os niveis de calcio son, polo xeral, máis altos en todas cerámicas e baixos en todos os barros, a excepción do barro SBAR05, mostreado na zona de Láncara. Isto xa nos dá unha pista de que este podería ser unha materia prima idó-

nea como candidata. O resto dos elementos químicos teñen concentracións variables, pero todas coherentes nos seus valores con mineraloxías propias de barros cuarcítico-moscovítico-caoliníticos (sedimentos terciarios da contorna). Facemos mención, en especial ao chumbo que se detecta en concentracións moi altas en SAM07, posible meleira, e en menor concentración nas outras tres cerámicas vidradas que forman parte do estudo. Este elemento non provén propiamente da pasta cerámica, é dicir, non é un indicador da orixe dos barros, senón que é unha contaminación proveniente dos propios vidrados, que están todos elaborados con chumbo, como se verá máis adiante.

A PROCEDENCIA DAS MATERIAS PRIMAS

As concentracións de elementos químicos, se se avalían por separado, poden indicarnos anomalías, contaminacións ou casos singulares. Para poder extraer máis información é necesario traballar con todos os datos nunha análise estatística. Do que se trata, é de ver como varían en conxunto todos os elementos químicos e, de aí, ver

que mostras, segundo a súa composición, son máis afíns entre si. A técnica estatística que se emprega para facer esta comparación denomínase clúster (Análise de Conglomerados Xerárquicos, anexo 4). O agrupamento que se obtén ordena as mostras nun dendrograma, a modo de acio ou ramas de árbore, (anexo 9) colocando a mostras máis próximas aquelas que son máis parecidas e máis lonxe aquelas que menos se parecen.

O máis significativo que podemos destacar é ver como a maioría das cerámicas se agrupan xuntas, o que dá idea da súa homoxeneidade na súa composición. Os barros agrúpanse tamén en conxunto en afinidade crecente coas cerámicas. Dentro da homoxeneidade xeral, podemos destacar aquilo que máis se afasta, un grupo formado por tres mostras: a cunca da casa de Carlos de Lamartín, SAM10, ten unha composición moi parecida á dos barros SBAR06a e SBAR03, barros localizados respectivamente nas barreiras de Riba de Guar (a uns 200 metros da casa de Carlos de Lamartín) e na barreira de Córcova (lugar tamén próximo, no camiño de Montán a Lamartín). Esta proximidade tan clara entre cerámica e fontes de arxila xa dá idea da orixe máis probable das mate-

rias primas coas que se elaborou esta cunca.

A cerámica SAM07, a meleira atopada nos arredores da igrexa de Santa María de Loureiro ten unha composición intermedia entre este grupo extremo e o resto das mostras (tanto cerámicas como barros). Probablemente esta posición no dendrograma estea a indicarnos que ben podería ser calquera destes barros ou incluso algún outro con composicións parecidas que non se chegou a mostrear neste traballo ou, incluso, por que non, unha mestura de dúas ou máis materias primas.

Para o resto de cerámicas, tanto recipientes (SAM01, SAM02, SAM06; recipiente para a auga, anaco de caño e pucheiro, respectivamente; atopados no forno de Pedro de Lulle en Roxofrei; e SAM09, o barreño atopado na igrexa de Santa María de Loureiro) coma para as tellas (SAM04, SAM05, SAM08a, SAM08b, SAM08c; tellas do forno do Mosteiro de Samos) os barros que máis se asemellan á composición destas pezas son SBAR05 e SBAR07. SBAR05 localízase na Reboleira, Lán cara, curiosamente o lugar máis afastado ás localizacións das cerámicas, situado a uns 5-7 km. O barro SBAR07

mostreouse, non obstante, moi próximo a estes lugares, nas chamadas Pozas do Barro, entre Vilamelle e Gontán. O máis probable, pois, para este conxunto de recipientes e materiais construtivos é que se utilizara un barro similar a estes dous, en calquera caso de carácter local pero con dúbidas de que as áreas de extracción de arxilas sexan máis afastadas para estas pezas do que se puidera pensar nun principio. Hai que ter en conta, de todos modos, que o lugar onde se escava ou atopa un resto cerámico non ten que ser onde se elaborou e, de aí, que as analíticas poidan apuntar a lugares «en aparencia» máis afastados. En calquera caso, a proximidade composicional de todas as mostras fai difícil asignar, dun modo rotundo, unha localización exacta dos barreiros. Ademais, hai que contar coa variabilidade composicional natural que pode haber dentro dun barreiro, posto que, como se constata nas mostras SBAR06a e SBAR06b, son dúas mostras tomadas a 2 metros e non se agrupan exactamente xuntas.

En resumo, todo apunta a que os barros utilizados son os sedimentos terciarios depositados no contorno de Samos, tal e como

nos indican os datos etnográficos e os resultados arqueométricos, pero non se pode descartar que, dentro do local, sexan algunha fontes de barro, relativamente máis afastadas as escollidas pola súa boa calidade das arxilas, en especial para elaborar cerámicas de calidade. Neste sentido, faise necesario, en futuros estudos, incrementar o número de localizacións, sen descartar áreas de abastecemento situadas en concellos limítrofes e, tamén, sería desexable e necesario incrementar o número de mostras analizadas dentro de cada barreiro para avaliar con claridade a súa variabilidade composicional.

OS VIDRADOS

Segundo nos comenta Hixinio Flores, moitos recipientes de Samos estaban vidrados en gran parte e outros estaban recubertos de pez. As mostras con recubrimentos, que analizamos neste traballo, son catro, aparentemente vidradas, (SAM06, un pucheiro; SAM07, unha posible meleira; SAM09, un barreño e SAM10, unha cunca). Para caracterizar a morfoloxía do vidrado, o seu estado de conservación e a súa composición analizáronse este-

las do vidrado na técnica de microscopía electrónica de barrido axustada con microsonda EDX. Os resultados (anexo 8) deixan ver que todos os vidrados presentan un aspecto san no seu interior, mantendo unha boa adherencia ao corpo cerámico. Aprécianse, polo xeral, algúns ocos de burbullas cando se observa o vidrado en sección, o que nos estaría indicando que os seus ingredientes non foron sometidos a unha «frita» previa. Os materiais que se empregan para elaborar vidrados, en ocasións tóstanse ou frítense, previamente, para que reaccionen entre si os seus ingredientes liberando gases; posteriormente móense e aplícanse coma po sobre a peza cerámica xa precocida; como sucede en centros especializados como Talavera, según nos indica Manuel Fernández. Se o vidrado se aplica directamente sen fritir previamente, liberará gases que provocarán a aparición de algunhas burbullas na capa vidrada a modo de queixo *gruyere*. De feito, igualmente según indica Manuel Fernández, nos centros produtores galegos non se adoita facer un *bizcochado*, senón que había monococción sobre a cal se aplicaba directamente o mineral de chumbo.

A análise elemental EDX é a que nos permite coñecer a composición do vidrado. Para iso, analízase unha sección vertical, intentando facer a determinación nunha zona de rotura fresca para evitar as zonas alteradas. O máis destacable, no conxunto das mostras, é que todas teñen chumbo na súa composición entre un 50 e un 60 %, o que claramente xa clasifica os vidrados como vidrados ao chumbo. Estes son un tipo de vidrados moi habituais xa desde a época romana ata a prohibición do uso deste metal, aló polos anos oitenta. Os contidos en elementos alcalinos son baixos, o que xa descarta que estes vidrados puidesen ser clasificados coma vidrados de cinzas de madeira ou vidrados ao sal. Temos que destacar, moi especialmente, o parecidos que son estes vidrados na composición. Non é frecuente en mostras distintas doutras producións cerámicas, e moito menos dentro dunha mesma mostra, atopar concentracións tan parecidas entre si. Este feito vén confirmar que a receita que se aplicaba nesta fase da produción era unha receita moi definida e moi estandarizada.

A pesar do aspecto san e pouco fragmentado dos vidrados, si se aprecia una capa de alteración

en dúas das mostras, SAM06 e SAM09, e, nesta última, incluso se aprecian eflorescencias salinas. A análise das superficies alteradas mostra como baixa a concentración de chumbo e sobe a de elementos alcalinos e cloro o que confirmaría unha perda de chumbo e un incremento da concentración de sales na superficie. No barrero SAM09 tamén se detectan eflorescencias, neste caso identifícanse coma cristais de estaño. Este elemento, que se utiliza como elemento para aumentar a opacidade nos esmaltes, é engadido como mineral casiterita. O estaño non se detectou no propio vidro desta cerámica, probablemente por estar nunha concentración moi baixa, pero si se detecta en forma de óxido na súa superficie.

CONCLUSIÓN ARQUEOMÉTRICAS

As cerámicas de Samos son unhas cerámicas de pastas finas e duras con, aparentemente, poucos desgraxantes nos recipientes e cunha maior cantidade de desgraxantes nos materiais construtivos coma p. ex. tellas. A composición das súas pastas é, xeralmente, moi homoxénea. Mineraloxicamente están formadas por arxilas caoliníti-

cas e micáceas con cuarzo como desgraxante principal e con contidos importantes de hematita que lle dan cores vermellas. Nalgunha ocasión, detéctase espinela, que é un mineral indicador de temperaturas da orde dos 900 °C. Estas temperaturas son consideradas como medias (nen moi baixas nen moi elevadas) pola alfarería tradicional. A composición elemental é igualmente moi similar entre a maioría das cerámicas, e característica deste tipo de mineraloxías, destacando, unicamente, algúns elementos indicadores de contaminación adquiridas na fase de uso ou ben no tempo de abandono da peza, coma poden ser enriquecementos salinos ou a presenza ocasional de sulfatos. Nas cerámicas vidradas tamén se aprecia unha contaminación provinte do vidro cara ao corpo cerámico, en especial de chumbo.

Os barros do contorno de Samos son fundamentalmente sedimentos de orixe terciaria (anexo 5), teñen idades entre uns 2 e 40 millóns de anos e están compostos, basicamente, por arxilas micáceas e caoliníticas con cuarzo e plaxioclase coma principais áridos, ademais de hematita frecuente. Esta mineraloxía é coherente coa mineraloxía atopada nas cerámicas.

A análise da composición dos elementos químicos de recipientes, tellas e barros confirma esta idea e, indo máis aló, a través dunha análise estatística posterior, púidose suxerir cales fontes de materia prima podían ser máis probables e cales menos probables. Algunhas fontes situadas practicamente *in situ* ás zonas onde se atoparon os recipientes son boas candidatas, pero tampouco se poden descartar zonas afastadas, incluso ata uns 8 km. É necesario incrementar as zonas de análise nun futuro estudo para contrastar mellor a variabilidade natural dos sedimentos do contorno, así como para descartar ou confirmar fontes potenciais pertencentes ás áreas de arxilas da cunca de Sarria (Mourillón, Castelo dos Infantes, Vilela de Arriba, Castro, Louseira Fontao, Vilariño...) e incluso das cuncas de Teibilide, O Oural ou Monforte.

Os vidrados das cerámicas de Samos analizados son vidrados de chumbo (este, empregado como fundente) moi homoxéneos e ben conservados que presentan, unicamente, unha alteración superficial por perda parcial de chumbo. Nunha mostra emprégase estaño para aumentar a opacidade que, nun proceso de alteración, se

acumula coma óxidos na superficie do vidro. Moi probablemente, estes vidrados foron aplicados directamente sen ser *fritos* previamente, posto que se detectan burbullas no seu interior.

Confiamos en que este primeiro estudo sirva para iniciar unha nova liña de estudo ligada á arqueometría da cerámica popular en Galicia e que inclúa, no caso de Lugo, ademais de Samos, outros centros produtores como Bonxe, Mondoñedo e Gundivós e, a partir de aí, poder establecer un modelo máis completo do funcionamento e evolución da industria cerámica na provincia.

ANEXO 1: DESCRICIÓN DAS MOSTRAS ANALIZADAS

Táboa que recolle as principais características das mostras analizadas.

Código UA	Tipo mostra	Parte recipiente	Acabado superficial	Tomo	Desgraxantes
SAM01	Recipiente para auga	Panza	Non	Si	Inapreciables
SAM02	Trozo de caño	-	Non	-	Inapreciables
SAM04	Tella	-	Non	-	Graos de xisto (< 5 mm)
SAM05	Tella	-	Non	-	Graos variados (< 5 mm)
SAM06	Pucheiro	Panza	Vidrado melado	Si	Inapreciables
SAM07	Meleira (?)	Panza con asa	Vidrado verdoso	Si	Inapreciables
SAM08a	Barro cocido	-	-	-	Escaso (< 5 mm)
SAM08b	Tella	-	Non	-	Escaso (< 3 mm)
SAM08c	Tella	-	Non	-	Escaso (< 5 mm)
SAM09	Barreño	Bordo	Vidrado verdoso	Si	Inapreciables
SAM10	Cunca	Bordo	Vidrado melado	Si	Escaso (< 2 mm)
SBAR01	Banco de zona arxila E	-	-	-	-
SBAR02	Banco de zona arxila E	-	-	-	-
SBAR03	Banco de zona arxila E	-	-	-	-
SBAR04	Banco de zona arxila E	-	-	-	-
SBAR05	Banco de Bacía de Sarria	-	-	-	-
SBAR06a	Banco de zona arxila E	-	-	-	-
SBAR06b	Banco de zona arxila E	-	-	-	-
SBAR07	Banco de zona arxila B	-	-	-	-
Código UA	Cor peza	Cor po moído	Dureza	G (mm)	Obtención da mostra / doador
SAM01	Vermello	Vermello	Moi alta	4	H. Flores
SAM02	Pardo e vermello	Vermello	Moi alta	9	H. Flores
SAM04	Vermello	Vermello	Alta	17	H. Flores
SAM05	Vermello	Vermello	Alta	18	H. Flores
SAM06	Pardo e vermello	Vermello	Moi alta	6	Xerardo Caldas Alvaredo
SAM07	Pardo e grisáceo	Vermello	Moi alta	5	Xerardo Caldas Alvaredo
SAM08a	Pardo e vermello	Vermello	Baixa	-	H. Flores / O. Lantes
SAM08b	Pardo e vermello	Vermello	Alta	14	H. Flores / O. Lantes
SAM08c	Pardo e vermello	Vermello	Alta	16	H. Flores / O. Lantes
SAM09	Vermello e grisáceo	Grisáceo	Moi alta	5	Manuel Fernández (Lolo)
SAM10	Pardo	Vermello	Baixa	5	Carlos de Lamartín
SBAR01	Pardo e vermello	Vermello	-	-	Manuel Fernández (Lolo)
SBAR02	Pardo e vermello	Vermello	-	-	Manuel Fernández (Lolo)
SBAR03	Pardo e vermello	Vermello	-	-	Manuel Fernández (Lolo)
SBAR04	Pardo e vermello	Vermello	-	-	Manuel Fernández (Lolo)
SBAR05	Pardo e vermello	Pardo e vermello	-	-	Manuel Fernández (Lolo)
SBAR06a	Pardo e vermello	Pardo	-	-	Carlos de Lamartín / O. Lantes
SBAR06b	Pardo e vermello	Pardo	-	-	Carlos de Lamartín / O. Lantes
SBAR07	Pardo e vermello	Vermello	-	-	H. Flores

ANEXO 2: TÁBOA DE COORDENADAS DOS LUGARES ESTUDADOS E MOSTREADOS

Os lugares aquí recollidos nestas táboas son aqueles nos que se detectou que había barros potencialmente utilizables para a elaboración de cerámica. Nalgúns deles recolléronse mostras para a súa análise. Tamén figuran outros lugares nos que se atoparon os restos cerámicos analizados. As zonas A, B, C, D, E son as acotadas na figura 1 do texto.

	Contorno estudado	Detalles lugar	Mostra analizada
1	Bacía de Vilamaior	Vila de Vilamaior	-
2	Bacía do Oural	Vila do Oural	-
3	Bacía de Teibillide	Zona arxila de Teibillide	-
4	Zona arxila A	Forno de Pedro de Lulle	SAM01, 02, 05
5	Zona arxila B	Pozas do Barro (entre Vilamelle e Gontán)	SBAR07
6	Zona arxila B	Forno de barro en Vilamelle	-
7	Zona arxila B	Barreiras en Vilamelle	-
8	Zona arxila B	Pascais (arredores da igrexa)	-
9	Preto zona arxila B	Restos dun forno de barro en Romelle	-
10	Preto zona arxila B	Barreira en Romelle	-
11	Zona arxila C	Lugar de Lamas	-
12	Zona arxila D	Lugar de Loureiro	-
13	Zona arxila E	Forno do “Mosteiro de Samos” (por baixo da capela de San Fiz)	SAM04, 05, 08a, 08b, 08c
14	Zona arxila E	Igrexa de Santa María de Loureiro	SAM07, 09
15	Zona arxila E	Casa de Carlos de Lamartín	SAM10
16	Zona arxila E	Arredores da casa de Carlos de Lamartín	SBAR01
17	Zona arxila E	Cotón do Cuco	SBAR02
18	Zona arxila E	Barreira de Córcova (camiño Lamartín-Montán)	SBAR03
19	Zona arxila E	Arredores da casa do Castro (camiño cara Montán)	SBAR04
20	Zona arxila E	Barreiras de Riba de Guar (prado preto de Villaceite)	SBAR05a, SBAR05b
21	Bacía de Sarria	Barreiras de Perros (a 200 m de núcleo)	-
22	Bacía de Sarria	Preto da estrada, na incorporación	SBAR05
23	O Furco	Aba do Monte Meda	-

	Contorno estudado	Lugar	Parroquia	Concello	Latitude (N)	Lonxitude (O)
1	Bacía de Vilamaior	O Palacio	Santa María de Vilamaior	Sarria	42 44 00,0	07 31 00,0
2	Bacía do Oural	Oural	San Xosé Obreiro de Oural	Sarria	42,43 20,0	07 26 40,0
3	Bacía de Teibillide	Teibillide	San Xulián de Teibillide	Samos	42 43 50,0	07 22 30,0
4	Zona arxila A	Roxofrei	Santa María de Loureiro	Samos	42 43 55,7	07 21 31,9
5	Zona arxila B	Villamelle	San Mamede do Couto	Samos	42 44 34,4	07 20 29,5
6	Zona arxila B	Villamelle	San Mamede do Couto	Samos	42 44 35,9	07 20 9,4
7	Zona arxila B	Villamelle	San Mamede do Couto	Samos	42 44 36,4	07 20 7,4
8	Zona arxila B	Pascais	Santalla de Pascais	Samos	42 44 11,7	07 20 48,6
9	Prezo zona arxila B	Romelle	San Martiño de Romelle	Samos	42 45 01,5	07 20 3,7
10	Prezo zona arxila B	Romelle	San Martiño de Romelle	Samos	42 45 09,7	07 20 11,1
11	Zona arxila C	Lamas	San Mamede do Couto	Samos	42 44 49,8	07 19 32,6
12	Zona arxila D	Loureiro	Santa María de Loureiro	Samos	42 45 00,0	07 18 40,0
13	Zona arxila E	Lourido Grande	Santiago de Renche	Samos	42 45 09,3	07 17 57,3
14	Zona arxila E	Loureiro	Santa María de Loureiro	Samos	42 44 50,0	07 18 50,0
15	Zona arxila E	Lamartín	Santa María de Loureiro	Samos	42 45 17,8	07 18 28,0
16	Zona arxila E	Lamartín	Santa María de Loureiro	Samos	42 45 17,8	07 18 28,1
17	Zona arxila E	Lamartín	Santa María de Loureiro	Samos	42 45 29,0	0718 21,4
18	Zona arxila E	Lamartín-Montán	Santa María de Montán	Samos	42 45 33,3	07 18 25,8
19	Zona arxila E	Lourido pequeno	Santa María de Loureiro	Samos	42 45 18,5	07 17 57,1
20	Zona arxila E	Villaceite	Santa María de Loureiro	Samos	42 45 18,4	07 18 33,4
21	Bacía de Sarria	Perros	Santo Estevo de Calvor	Sarria	42 46 21,7	07 21 37,4
22	Bacía de Sarria	A Reboleira	San Martiño de Río	Láncara	42 48 49,6	07 20 15,8
23	O Fuco (aba do Monte Meda)	O Furco	San Salvador de Toldaos	Triacastela	42 47 55,5	07 14 27,8

ANEXO 3: FOTOGRAFÍAS DOS LUGARES DE MOSTREO DOS BARROS

En SBAR01 apréciase, claramente, o estrato de sedimentos terciarios, con cores mareas e avermelladas. Está cuberto de sedimentos cuaternarios, máis pardos e con cantos de rocha. Nota: non se dispón da fotografía do contorno de SBAR07.



SBAR01



SBAR04



SBAR02



SBAR05



SBAR03



SBAR06

ANEXO 4: METODOLOXÍA EMPREGADA NA ANÁLISE ARQUEOMÉTRICA

Os recipientes cerámicos analizados son fragmentos de pezas aos que se lles extraeu un pequeno anaco duns 5 g. Este moeuse para homoxeneizar a súa composición ata un tamaño de partícula duns 100 μm ($\approx 0,1$ mm). No caso dos barros, deixáronse secar durante unha semana e, posteriormente, seleccionouse unha cantidade representativa (sobre uns 300 g) e aplicouse o mesmo procedemento. No caso das cerámicas vidradas, extraéronse pequenas estelas coa axuda dun bisturí.

A mineraloxía identificouse a través da técnica de **difracción de raios X de po cristalino (DRX)**. O equipo utilizado foi un difractómetro Philips PW1710 con goniómetro vertical de xeometría Bragg-Brentano $\theta/2\theta$, xerador con tubo de 2,2 Kw con ánodo de Cu monocromador de grafito e detector proporcional PW1711/10, cun tempo de medida de 3 segundos por paso e un rango angular de 2 a 65° de 2θ . Para a semicuantificación utilízase o software DIFFRACplus EVA, de Bruker AXS.

A análise elemental realizouse coa técnica de **espectrometría**

de fluorescencia de raios X de dispersión de enerxía (FRX). Os equipos constan dun xerador de raios X con ánodos primarios de Mo e Ag (este último implementado con ánodos secundarios de pirografito e Fe). Os detectores multielementais son semiconductores de Si(Li) refrixerados en $\text{N}_2(\text{l})$. Determínanse con ánodo de pirografito: Mg, Al, Si, P, S e Cl, con ánodo de Fe: K, Ca, Ti, V e Cr e para o resto de elementos -de Mn a U- úsase un ánodo de Mo. O tempo de medida é de 5 a 10 minutos, segundo a determinación. Para a cuantificación das concentracións realízanse calibracións previas con materiais de referencia certificados (NIST). Ambas as técnicas, a análise mineralóxica e a análise elemental complementáanse e axudan a caracterizar, máis claramente, as mostras cando se empregan conxuntamente.

A análise dos vidrados cerámicos realizouse coa técnica de **microscopía electrónica de barrido con microsonda acoplada (SEM-EDX)** para obter fotografías en detalle deles e para analizar a súa composición elemental. O equipo utilizado é un EVO

LS15, con microanálise axustada (EDX ou EDS). O equipo posúe detectores de electróns secundarios, retrodispersados e de raios X. Para observar as mostras sen necesidade de sombrear, trabállase en presión variable. O sistema de microanálise EDX (Oxford-Inca Analyzer) permite detectar elementos químicos a partir do Be. A intensidade de traballo é variable e a voltaxe fíxase en 20 Kv. Para a cuantificación dos elementos, en EDX, realízanse sempre tres determinacións sobre cadrados de 100 μm de lado.

Para a análise estatística, empregouse o software estatístico **IBM SPSS Statistics 20**. Utilizouse a técnica multivariante de conglomerados xerárquicos (Clúster) para obter un dendrograma de agrupamento das mostras por afinidade composicional. O método de conglomeración foi a vinculación inter-grupos utilizando a distancia euclídea ao cadrado como medida de intervalo. Os datos estandarizáronse a puntuacións Z, transformación necesaria para levar todas as variables á mesma escala. No dendrograma incluíronse os seguintes elementos: Mg, Al, Si, S, K,

Ca, Ti, V, Cr, Ba, Mn, Fe, Ni, Cu, Zn, Ga, As, Br, Rb, Sr, Zr, Nb e Th. Descartouse incluír o Cl e P que supuñan unha contaminación nalgunha mostra e o Pb que provén dos vidrados e, polo tanto, non caracteriza a composición da pasta cerámica.

Todas as análises e a súa interpretación realizáronse na Unidade de Arqueometría da Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico (RIAIDT) da Universidade de Santiago de Compostela, entre os anos 2001 e 2015.

ANEXO 5: XEOLOXÍA DO CONTORNO DE SAMOS

Samos encádrase dentro da folla xeolóxica que corresponde a Sarria (n.º 124). Esta área posúe morfoloxías diversas con certos relevos, zonas máis suaves e incluso depresións xeomorfolóxicas. O principal curso de auga é o río Sarria que pertence á bacía do río Miño.

Os materiais xeolóxicos que predominan na folla (ver mapa da figura 1 no texto) son as lousas e arenitas con niveis anfibólicos da Serie de Vilalba ($PC\xi+\xi_A$), de idade precámbrica. A propia vila de Samos e, incluso, parte da vila de Sarria aséntanse sobre estes materiais que están constituídos en máis dun 95% por *pelitas*, lousas e xistos grises e negros e *arenitas* finas e *siltitas*, sendo as restantes rochas cuarcitas brancas e grises, con presenza de carbonatos e gneises anfibólicos. Estes materiais pertencen ao *Dominio do Domo de Lugo* que é a formación que predomina na folla. Outras rochas existentes neste dominio son lousas e xistos diversos que se localizan, preferentemente, na esquina nordeste e noroeste. Estas son as cuarcita e lousas do Cándana Inferior (CA_1^{q1}), outras lousas de Cándana con niveis de calcoxistos e pedras calcarias intercalados (CA^{p1}), lousas arxilosas e areosas e *arenitas* das capas de Tránsito (CA^{p2}), lo-

usas e *arenitas* verdozas e amarelentas das Capas de Riotorto (CA_2), lousas con niveis de *arenitas* e cuarcitas das capas de Vilameá (CA_2-O^{p1}), ampelitas ferruxinosas con piritas (ap), pedras calcarias grises lenticulares (c), pedras calcarias, dolomías e magnetitas de Cándana (CA_{c1}), a pedra calcaria de Vegadeo ($CAc_{1,2}$), dolomías, *arenitas* e lousas incluídas na pedra calcaria de Vegadeo (CA^d_1), a magnesita de nivel satélite na zona de Bardaos (*mg*), a magnesita de O Oural (CA^{mg}_1), cuarcitas e lousas de Cándana Superior (CA^{q2}) e cuarcita armoricana e lousas (O_1).

Cara ao noroeste da folla, predominan as rochas graníticas, en concreto o granito de dúas micas do macizo de Sarria ($^d\gamma^2$) con presenza das granodioritas tardías do macizo de Neira e do macizo de San Xulián ($^b_p\gamma\eta^2$, $^b_{c2}\gamma\eta^2$, $^b_1\gamma\eta^2$).

A parte suroeste da folla está constituída por diferentes rochas pertencentes ao anticlinorio «Ollo de Sapo» que son lousas con niveis de *arenitas* e cuarcitas das capas de Vilameá (CA_2-O^{p1}), cuarcita armoricana e lousas (O_1) -ambas tamén presentes no *Domo* de Lugo. Tamén aparecen lousas gris-azuladas e negras de Luarca ($O_{2,3}$) e lousas e ampelitas

silúricas que son as predominantes en extensión (S).

Finalmente, nesta área, temos materiais terciarios e cuaternarios repartidos nas áreas norte, centro e suroeste da folla. Os materiais cuaternarios son, principalmente, terrazas pleistocénicas (Q_1T_1 , Q_1T_2) e chairas aluviais e fondos de valgada (Q_2Al) e coluviós e conos de dexección (Q_2C , Q_2Cd) e outros materiais indiferenciados (Q_2l) holocénicos.

Os materiais terciarios localízanse repartidos entre as bacías de Sarria (margas calcarias e arxilas e pedras calcarias margosas: *Tm* e *c*; areas, arxilas e gravas: *Ta*), ao norte; a bacía de Monforte (*T*), ao suroeste; as bacías de Vilamaior, O Oural e Teibilide (*T*), no centro-oes-te e, finalmente, afloramentos illados (*T*) no centro da folla e próximos á vila de Samos (en mapa da figura 1 do texto, manchas amarelas A, B, C, D e E). Outros materiais pliocuaternarios localízanse, máis minoritariamente, cara ao norte (*TB2-Q*). Estes sedimentos terciarios son as materias primas arxilosas que se estiveron a utilizar, localmente, para a elaboración de tellas, cerámica, ladrillos e, algún deles, son os que se mostrearon neste traballo para analizar e comparar coas mostras cerámicas.

Eón	Era	Período	Épocas	Inicio (m.a.)	Final (m.a.)	Den. antiga
Faneronozoico	Cenozoico	Cuaternario	Holoceno	0,01	presente	Terciario
			Plistoceno	2,6	0,01	
		Neoxeno	Plioceno	5,3	2,6	
			Mioceno	23,0	5,3	
			Olioceno	39,9	23,0	
		Paleóxeno	Eoceno	56,0	33,9	
			Paleoceno	66,0	56,0	
	Mesozoico	Cretácico		145	66	
		Xurásico		201	145	
		Triásico		252	201	
	Paleozoico	Pérmico		299	252	
		Carbonífero		359	299	
		Devónico		419	359	
		Silúrico		444	419	
		Ordovícico		485	444	
		Cámbrico		541	485	
	Proterozoico			2500	541	
Arcaico			4000	2500		
Hadeico			~ 4600	4000		

Extensión cronolóxica das diferentes eras, períodos e épocas xeolóxicas (m.a.: millóns de anos).

Idade dos sedimentos terciarios da folla xeolóxica de Sarria	
Bacía de Sarria	
Margas e margas calcarias (<i>Tm, c</i>)	Mioceno Inferior / Oligoceno
Areas, arxilas e gravas (<i>Ta</i>)	Mioceno Superior
Bacía de Monforte (<i>T</i>)	Mioceno Medio
Bacías de Vilamaior, O Oural e Teibilide (<i>T</i>)	Mioceno Superior / Plioceno Inferior
Afloramentos Terciarios illados na contorna de Samos	Mioceno Superior / Pliocenos Inferior
Pliocuatnario (<i>TB2Q</i>)	Pioceno / Plistoceno

Idades dos barros que potencialmente poderían ter sido utilizados na industria cerámica e telleira de Samos.

Fontes:

- <http://web.archive.org/web/20110607065212/http://www.stratigraphy.org/upload/ISChart2008.pdf>
- <http://www.stratigraphy.org/ICSchart/ChronostratChart2015-01Spanish.pdf>
- Martínez Catalán, J. R.; Pablo Maciá, J. G. de.; Ruiz García, M. T.; Calvo Pérez, B.; Pérez González, A. & Hurga Rodríguez, A. 1980. Mapa xeolóxico 1.50.000 e memoria explicativa da folla n.º 124 (8-8, Sarria). Segunda serie. Primeira edición. Publicacións do IGME.



ANEXO 6: RESULTADOS DA COMPOSICIÓN MINERALÓXICA DAS PASTAS

	Clorita	Mica	Mica dehidroxi	Caolinita	Cuarzo	Feldespatos K	Plaxiodasa	Espinela	Hematita
SAM01	-	-	9	-	79	-	-	-	11
SAM02	-	-	6	-	79	-	-	-	15
SAM04	-	-	26	-	68	-	-	-	6
SAM05	-	-	18	-	74	-	-	-	8
SAM06	-	-	12	-	68	-	-	-	20
SAM07	-	-	8	-	92	-	-	-	-
SAM08A	-	-	21	-	79	-	-	-	-
SAM08B	-	-	-	-	59	-	-	32	9
SAM08C	-	-	17	-	83	-	-	-	-
SAM09	-	-	3	-	97	-	-	-	-
SAM10	-	-	5	-	67	5	23	-	-
SBAR01	-	16	-	7	40	5	16	-	18
SBAR02	-	14	-	9	49	5	13	-	11
SBAR03	2	17	-	14	51	2	9	-	5
SBAR04	4	19	-	17	39	4	14	-	5
SBAR05	-	9	-	6	64	2	19	-	-
SBAR06A	7	15	-	13	51	2	12	-	-
SBAR06B	-	9	-	10	69	2	11	-	-
SBAR07	-	10	-	8	54	-	29	-	-

Minerais identificados nas cerámicas e barros analizados. Os datos representan a semicuantificación en porcentaxe da fracción cristalina. Técnica empregada na análise: difracción de raios X de po cristalino.

Código	Nome do mineral	Fórmula
12-0243 (D)	Clorita (Clinocllore)	Mg-Fe-Fe-Al-Si ₂ O ₁₀ (OH) ₂
01-1098 (D)	Mica (Muscovite)	H ₂ KAl ₃ (Si ₃ O ₁₀) ₂ (OH) ₂
46-0741 (I)	Mica dehidroxi (dehydroxylated Muscovite)	KAl ₃ Si ₃ O ₁₁
03-0052 (D)	Caolinita (Kaolinite)	Al ₂ O ₃ ·2SiO ₂ ·2H ₂ O
46-1045 (*)	Cuarzo (Quartz, syn)	SiO ₂
22-0687 (D)	Feldespatos K (Microcline, ordered)	KAlSi ₃ O ₈
41-1480 (I)	Plaxioclasa (Albite, calcian, ordered)	(Na, Ca) Al (Si, Al) ₃ O ₈
21-1152 (*)	Espinela (Spinel, syn)	MgAl ₂ O ₄
33-0664 (*)	Hematita (Hematite, syn)	Fe ₂ O ₃

Fichas pdf dos minerais identificados.



Difractogramas, do recipiente para auga SAM01; da tella SAM08b e do barro da zona de arxilas E, SBAR04. Os minerais que se identifican en SAM01 son mica sometida a altas temperaturas (mica dehidroxi), cuarzo como maioritario e hematita, mineral que lle dá a cor vermella á arxila. En SAM08b, identifícase cuarzo, como maioritario, espinela e hematita; a espinela é un mineral que aparece cando se cocen as cerámicas a altas temperaturas. No barro SBAR04 identifícase clorita, mica, caolinita, cuarzo, feldespato potásico, plaxioclasa e hematita.

ANEXO 7: RESULTADOS DA COMPOSIÇÃO ELEMENTAL DAS PASTAS


Código	Mg	Al	Si	P	S	Cl	K	Ca	Ti	V	Cr	Ba	Mn	Fe
SAM01	0,83	12,32	26,08	0	259	237	3,59	0,46	0,44	11	93	804	875	5,29
SAM02	0,34	13,41	30,86	168	400	296	3,53	0,50	0,44	39	97	701	722	5,24
SAM04	0,74	12,41	26,55	0	124	409	2,97	0,20	0,45	0	87	558	558	5,02
SAM05	0,57	12,35	27,68	134	228	414	3,12	0,23	0,44	16	103	771	454	4,92
SAM06	1,10	12,32	26,38	227	0	595	3,13	0,46	0,43	25	87	521	663	5,30
SAM07	1,12	7,74	25,01	0	0	650	3,03	0,43	0,40	94	93	506	346	4,63
SAM08A	1,80	12,49	28,26	0	43	300	3,08	0,23	0,46	45	85	601	461	4,97
SAM08B	1,40	10,50	31,63	0	103	409	3,01	0,60	0,45	4	90	377	526	4,70
SAM08C	0,23	9,77	24,83	0	0	263	3,08	0,24	0,44	91	90	649	772	4,53
SAM09	0,52	9,28	25,64	0	371	672	2,95	0,35	0,46	49	71	539	843	4,93
SAM10	0,51	11,56	30,72	0	1195	17172	1,88	0,26	0,45	161	118	548	422	6,05
SBAR01	0,25	6,85	18,77	0	289	196	3,27	0,02	0,45	161	118	548	422	6,05
SBAR02	0,45	8,50	23,41	0	7	291	2,81	0,05	0,57	44	88	372	727	5,02
SBAR03	0,00	4,42	21,82	0	217	260	2,45	0,01	0,51	0	59	99	228	4,27
SBAR04	0,50	11,26	25,24	0	340	341	2,70	0,01	0,51	13	130	374	809	5,74
SBAR05	1,28	8,88	22,42	0	0	430	2,84	0,14	0,41	28	83	252	477	4,32
SBAR06A	0,05	6,49	22,91	0	390	310	2,81	0,15	0,45	56	99	742	635	4,35
SBAR06B	0,00	10,96	24,65	0	79	211	2,72	0,24	0,49	15	84	205	175	3,99
SBAR07	1,21	12,73	25,52	0	147	420	2,78	0,11	0,47	17	65	223	737	4,67
UNIDADES	%	%	%	ppm	ppm	ppm	%	%	%	ppm	ppm	ppm	ppm	%

Código	Ni	Cu	Zn	Ga	As	Br	Rb	Sr	Y	Zr	Nb	Pb	Th
SAM01	45	30	177	53	42	2	179	100	53	251	16	58	18
SAM02	49	18	141	63	31	1	191	106	59	263	17	37	18
SAM04	45	24	116	53	53	3	150	55	47	268	17	24	19
SAM05	39	21	107	55	55	3	151	66	44	285	17	22	18
SAM06	46	31	119	0	39	0	181	96	62	244	18	377	6
SAM07	37	66	160	0	0	0	164	59	43	272	15	7072	10
SAM08A	34	26	115	54	55	2	149	56	43	226	18	26	16
SAM08B	35	28	118	43	11	0	155	67	48	266	16	24	13
SAM08C	51	29	116	60	40	2	141	55	44	260	15	22	15
SAM09	38	28	101	0	39	0	165	75	63	279	16	622	10
SAM10	22	9	69	0	20	2	92	81	49	305	20	196	10
SBAR01	34	34	83	54	45	2	148	152	36	249	15	31	18
SBAR02	36	36	96	51	28	0	133	182	45	311	20	23	14
SBAR03	19	11	63	41	20	0	103	67	43	336	18	20	15
SBAR04	54	28	116	59	35	2	130	118	40	295	16	26	13
SBAR05	34	22	75	54	30	1	125	90	41	230	14	21	15
SBAR06A	31	17	79	46	32	6	119	73	38	243	16	22	16
SBAR06B	21	16	56	33	22	2	106	53	36	254	17	21	12
SBAR07	29	27	85	34	62	1	112	56	33	256	12	30	13
UNIDADES	ppm	ppm	ppm	ppm	ppm	ppm	ppm	ppm	ppm	ppm	ppm	ppm	ppm


Composição elemental das pastas cerâmicas. Técnica empregada na análise: espectrometria de fluorescência de Raios X. Mg: magnésio; Al: alumínio; Si: silício; P: fósforo; S: xofre; Cl: cloro; K: potasio; Ca: calcio; Ti: titânio; V: vanádio; Cr: cromo; Ba: bário; Mn: manganês; Fe: ferro; Ni: níquel; Cu: cobre; Zn: zinco; Ga: galio; As: arsénico; Br: bromo; Rb: rubídio; Sr: estrôncio; Y: ítrio; Zr: zircônio; Nb: nióbio; Pb: chumbo; Th: tório.

ANEXO 8: FOTOGRAFÍAS SEM (MICROSCOPIA ELECTRÓNICA)
E RESULTADOS DA COMPOSICIÓN ELEMENTAL DOS VIDRADOS

SAM06: vidro mielado do pucheiro do forno de Pedro de Lulle




Sección vertical




Superficie alterada

SAM09: vidro verdoso dun barreño da Rectoral de Santa María de Loureiro




Sección vertical




Superficie alterada (costra e eflorescencias)

SAM07: vidro verdoso dunha suposta meleira da reitoral de Santa María de Loureiro




Sección vertical




Superficie (non alterada)

SAM10: vidro melado dunha cunca da casa de Carlos de Lamartín



Sección sub-vertical



Superficie (non alterada)


<
Fotografías en detalle dos vidrados
analizados en microscopía
electrónica de barrido con
microsonda EDX axustada.

		O	Na	Mg	Al	Si	P	Cl	K	Ca	Ti	Fe	Sn	Pb
SAM06	Sección vertical	25,9	0,4	0,4	3,5	10,3	-	-	0,9	0,3	-	2,3	-	56,2
	Media desviación típica	4,5	-	0,1	0,6	0,2	-	-	0,2	0,0	-	0,2	-	5,0
SAM06	Superficie alterada	43,6	0,3	0,4	6,6	17,1	0,5	0,4	2,9	0,6	0,4	4,6	-	60,5
	Media desviación típica	0,1	-	0,0	0,5	1,1	0,1	0,1	0,6	0,0	0,1	0,8	-	2,4
SAM07	Sección vertical	21,1	0,3	0,4	3,2	10,0	-	-	1,3	0,5	-	3,0	-	60,5
	Media desviación típica	3,3	-	0,0	0,7	1,0	-	-	0,6	0,1	-	1,5	-	7,1
SAM09	Sección vertical	31,8	-	0,4	3,7	10,0	-	-	0,6	-	-	1,6	-	51,8
	Media desviación típica	1,5	-	0,0	0,2	0,2	-	-	0,1	-	-	0,1	-	2,1
SAM09	Superficie alterada	40,9	0,8	0,4	5,8	17,1	-	1,1	2,7	0,4	0,3	3,8	-	26,6
	Media desviación típica	1,3	0,1	0,0	0,2	0,5	-	0,1	0,1	0,0	0,0	0,4	-	0,9
SAM09	Eflorescencias de Sn	25,9	0,3	-	3,1	9,7	-	0,6	-	-	0,4	2,6	8,1	49,5
	Media desviación típica	0,9	-	-	0,2	0,3	-	0,1	-	-	0,0	0,2	0,2	1,6
SAM10	Sección sub-vertical	30,5	0,7	0,3	3,6	12,4	-	-	1,0	0,3	0,2	1,5	-	49,5
	Media desviación típica	2,0	0,1	0,0	0,1	0,2	-	-	0,1	0,0	0,0	0,1	-	2,0

Composición elemental dos vidrados en % (O: osíxeno; Na: sodio; Mg: magnesio; Al: aluminio; Si: Silicio; P: fósforo; Cl: cloro; K: potasio; Ca: calcio; Ti: titanio; Fe: ferro; Sn: estaño; Pb: chumbo).

ANEXO 9: AGRUPAMENTO EN DENDROGRAMA DAS MOSTRAS ANALIZADAS POR AFINIDADE COMPOSICIONAL DAS PASTAS CERÁMICAS

Dendrograma que utiliza una vinculación media (entre grupos)
Combinación de conglomerados de distancia re-escalados



Dendrograma de afinidade composicional das pastas cerámicas. Os recipientes cerámicos son as mostras SAM. Os barros son as mostras SBAR. SBAR05 é o barro da Reboleira (Láncara) e SBAR07 é o barro extraído de Pozas do Barro, entre Vilamelles e Gontán (concello de Samos). Ambos son os dous barros que mellor se agrupan coa maioría das cerámicas.

Unha ollada etnoarqueolóxica sobre a cerámica popular de Samos: funcionalidade, simetría e complexidade social

J.M. VÁZQUEZ VARELA
A.L. VÁZQUEZ RODRÍGUEZ

O traballo ben feito permite tirar de moitas reflexións desde diferentes olladas. Neste caso, aproveitando o contido das páxinas precedentes, tentamos de comprobar a veracidade dunhas hipóteses empregadas na arqueoloxía dos restos cerámicos para ver os seus alcances, límites e posibles melloras. Dende a consolidación da Etnoarqueoloxía, como estratexia de investigación, producíronse moitos traballos sobre aspectos diversos da cerámica, que van dende os que se limitan ao proceso técnico da produción, quizais os máis numerosos, ata os que analizan o seu valor como indicador de actividades ideolóxicas e relixiosas.

Nunha anécdota da vida de santa Teresa de Jesús, refírese que a monxa encargada da cociña do convento, no que a santa era superiora naquel momento, dille que a causa de estar todo o día cociñando non tiña tempo para dedicarse aos seus rezos, ao que Teresa lle contesta que rece na cociña pois Deus tamén está entre os pucheiros.

Independentemente de que a resposta sexa un reflexo da teoloxía de san Pablo ou de que, simple-

mente, se trate dunha argucia para ter quen cociñe a gusto, para o resto da comunidade pareceunos sempre unha fonte de inspiración para o estudo dos restos da cultura material do pasado. O seu espírito poderíase formular dun modo sinxelo e, quizais, un tanto tautolóxico pero expresivo: as persoas fanse presentes nas súas obras. A partir desta idea, obter a información do pasado por medio dos seus restos materiais, desenvolvemos unha liña de investigación sobre a Etnoarqueoloxía da cerámica.

FORMA E FUNCIÓN DAS CERÁMICAS ARQUEOLÓXICAS

Unha das primeiras cuestións que chama a atención do estudo das cerámicas do pasado é a de determinar as súas funcións: para que servían? como eran usadas? que contiñan? e cuestións anexas.

Para determinar as posibles funcións e usos dunha cerámica arqueolóxica existen distintos métodos: a análise da súa materia prima, que vai favorecer uns usos concretos en detrimento doutros e, así, podemos falar

de pezas que poden ir ao lume ou doutras que son para conter gran ou líquidos, etc.; o seu tamaño, que tamén vai condicionar a súa utilización; a súa forma, que dá unha información interesante; as pegadas de uso ou a determinación do contido do interior e das paredes das pezas que se pode descubrir mediante análises químicas.

Dun modo máis detallado, pódense referir estes procedementos:

1. Analoxía etnográfica

É o máis instintivo, elemental e, por iso, o máis usado. A pesar dos riscos que encerra a súa aparente simplicidade, consiste en supoñer que a peza estudada serviu para os mesmos fins e, do mesmo xeito que outras de forma similar, os usos da cal coñece o arqueólogo. A miúdo a indagación adoita quedar limitada a este punto.

2. A análise contextual

Resulta esencial, aquí como en todo o resto da investigación cultural, sexa do presente ou do pasado, analizar as relacións entre os obxectos e o contexto no que se atopan. Este tipo de traballo pode excluír moitas posibles

funcións e dar pistas ou aproximacións precisas noutros casos.

3. A análise do contido

As análises biolóxicas, físicas e químicas, ás veces, e en casos excepcionais, a simple inspección cos sentidos humanos sen axuda de aparatos, poden abondar para determinar o contido visible ou invisible da cerámica e así coñecer a súa función.

4. As pegadas de uso

As pegadas de uso dunha peza, presentes en diferentes partes desta, poden ser moi ilustrativas en canto ás funcións ás que puideron servir ao longo do tempo.

5. As características físicas e químicas

A análise das propiedades físicas e químicas da cerámica pode axudarnos a excluír unha serie de posibles funcións e orientarnos positivamente cara a outras.

A aplicación conxunta de todos estes métodos é a solución ideal, pero como algúns non se atopan sempre dispoñibles e adoitan ser caros, na maioría dos casos utilízase e, a miúdo sen crítica,

o primeiro dos citados: a analoxía etnográfica.

Este conxunto de métodos permite unha aproximación, ás veces moi precisa, ás funcións e usos das cerámicas antigas, do manexo da cal non fomos testemuñas e sobre o cal tampouco quedan testemuñas literarios, orais nin artísticos que nos poidan orientar nese sentido e que actuarían como fontes complementarias, moi valiosas e a miúdo decisivas, das citadas no parágrafo anterior.

As liñas que seguen achegan unha serie de observacións e reflexións derivadas do texto dos capítulos anteriores do libro: as ideas fundamentais son dúas. Unha peza puido ter diferentes funcións ao tempo ou ao longo da súa vida, dentro dun mesmo contexto ou en contextos distintos. Diferentes tipos cerámicos desempeñaron no mesmo contexto ou en lugares distintos a mesma función.

Dende o punto de vista do noso traballo de campo, pódense proporcionar unha serie de observacións que resultan interesantes para coñecer o uso das cerámicas antigas:

1. Hai pezas que se fan expresamente cun único fin moi concreto para o que servirán dun modo exclusivo sen que sexa posible outro uso primario. Este é o caso, por exemplo, dos petos e das trompetas ou «buguinas» que non son aptas para outros fins distintos aos de gardar o diñeiro ou tocar música, respectivamente.

2. Outras pezas están concibidas para o seu uso polivalente dende o primeiro momento e poden servir para fins moi distintos, tales como lavar a roupa ou preparar a zorza dos embutidos, como no caso dos barreñóns.

3. Algunhas cerámicas, se ben están elaboradas cun fin preferente, xa se sabe que van poder ter outros complementarios ou secundarios. Así, por exemplo, unha chocolateira, se ben o seu destino primario é a preparación do chocolate, pode ser usada para gardar ou preparar outros alimentos.

4. Todas as pezas máis alá da intencionalidade primaria para a que foron feitas poden ter outra finalidade secundaria funcional, tal é o caso dos barreñóns, citados no segundo apartado, que se ben se elaboran para lavar a roupa ou preparar a zorza, tamén o olei-

ro sabe que con certa frecuencia a vai usar con outro fin funcional primario, tal como é o de vidro das pezas no momento anterior á súa introdución no forno.

5. Algunhas pezas van ter un uso primario moi distinto segundo o territorio onde se vendan, así algunhas son empregadas dun modo moi distinto nas vilas, no interior de topografía suave e na montaña, de acordo cos recursos e tradicións desas zonas.

6. En todo caso, todas as pezas, sen excepción, poden ter un fin de tipo non funcional. Antes de proseguir nesta liña, convén aclarar que o termo «non funcional», por outra parte tan abundante na literatura etnolóxica, é pouco operativo pois encerra un contradiccionario e na maior parte das ocasións é empregado para referirse a obxectos que se usan para algo moi distinto para o que foron concibidos nun principio. Non por iso deixan de ter unha función, tal cal é o caso, por exemplo, das potas nalgúns centros oleiros peninsulares: nun principio estaban destinadas para a preparación e conservación de alimentos podendo ir ao lume se era necesario. Nun segundo momento, os oleiros, ao percibir que a xente das vilas e ci-

dades as compraban, fundamentalmente como macetas, procederon a realizalas cun burato no seu fondo para permitir a evacuación sobranste do rego das plantas. Pero a cuestión foi máis lonxe e en moitas casas empréganse como elemento decorativo.

Este carácter é o propio dunha función nova: a decoración. Polo tanto, pódese dicir que estas pezas cando pasaron do fogón ao salón non deixaron de ter utilidade, senón que adquiriron outra moi distinta. De acordo co exposto, parece razoable non empregar, en demasía, o termo «non funcional» e cando o usemos ter en conta a súa polisemia, xa que a miúdo realmente se refire á un obxecto que ten unha función distinta a aquela para a cal foi inicialmente concibida nas súas orixes.

7. A maiores do dito, pódese engadir que moitas pezas foron utilizadas para diferentes funcións e contidos ao longo da súa vida e adquiriron diferentes usos e significados ao longo do tempo, segundo os contextos nos que se atoparon.

8. Como se pode observar nos apartados dos tipos de cada centro oleiro e no estudo comparati-

vo de todos eles, hai unha serie de factores que están relacionados cos usos, entre os que caben destacar os seguintes:

A. As vasillas de gran tamaño e peso, e polo tanto de escasa mobilidade, están relacionadas coa conservación de auga, viño, aceite ou doutros alimentos.

A presenza reiterada de cordóns de barro en torno a estas serve como reforzo para soportar a presión da carga interna, independentemente da función «decorativa» que normalmente se lles atribúe.

B. Os tipos de dimensións medianas e reducidas cunha base ancha e estable, feitos coa arxila axeitada, así como os que teñen pés, serven para ir ao lume.

C. Pezas pequenas de base estreita poden servir para beber, se ben hai algunhas, como as chocolateiras, que van directamente sobre o lume.

D. Vasillas de fondo ancho e de boca máis grande de medianas dimensións poden servir para preparar alimentos ou realizar tarefas domésticas ou laborais.





E. Obxectos cerámicos de tamaño moi reducido poden estar vinculados co mundo do lúdico.

Por todo o exposto, se ben os datos etnográficos permiten esbozar unha serie de características relacionadas coa función primaria das pezas, de acordo coas súas formas, tamaños e tipos de materias primas e técnicas empregadas na súa elaboración, estos á hora de aplicalos aos estudos do pasado teñen un carácter indicativo que se ten que contrastar con outros medios máis alá da simple tipoloxía ou morfoloxía, como se adoita a facer tradicionalmente, como ha de ser o contexto no que se achan, tal como a súa asociación

con outras formas e con determinadas estruturas, entre elas as arquitectónicas.

Convén poñer en corentena a aplicación exclusiva da tipoloxía e, sobre todo, o modo abusivo en que adoita ser usada pois, a miúdo, os que non dispoñen da información etnográfica ampla necesaria reconstrúen o pasado á súa imaxe e semellanza apelando á súa experiencia inmediata e, así, adóitase extrapolar ao pasado, sen máis cuestións, os coñecementos sobre o uso das cerámicas industriais ou populares do ámbito cultural en que se desenvolven. Por todo iso, a analogía etnográfica debe empregarse como unha simple hipótese de traballo para ser contrastada coa maior parte dos métodos anteriormente citados. Só deste modo, sen prexuízos previos, se pode solucionar a importante cuestión das funcións das cerámicas arqueolóxicas.

Como mostra das diferentes funcións das cerámicas de Samos pódense citar:

Olas de uso primitivo para conter auga ou alimentos e, posteriormente, para conter o sulfato dedicado ao tratamento das viñas.

Meleiras, en principio feitas para o mel e que, mediante pequenas modificacións na forma, se usan para gardar os chourizos.

Xerra do viño para gardar as facturas.

Barreñóns feitos para a preparación da zorza son usados nas tarefas de cociña para servir os cachelos.

Cuncas usadas para o caldo, o leite e os cachelos.

Olas para conter a auga e para mazar o leite.

Pucheiro para gardar e mazar o leite, conter auga, graxa, mel, gardar os chourizos e cociñar. As pequenas tamén se usan parar muxir.

Xerro que pode servir para o viño ou muxir.

Algunhas pezas mercadas polos anticuarios teñen agora moito valor económico polo que son indicativas do estatus dos seus donos. Deste xeito, pasaron de ter un valor de uso na vida cotiá de labregos sen moitos recursos a un valor de cambio que serve para facer propaganda do nivel social dos seus posuidores.

SIMETRÍA E COMPLEXIDADE SOCIAL

Aquí trátase de contrastar a hipótese, para algúns teoría comprobada ou feito certo, de que a maior simetría nas formas das pezas cerámicas funcionais está vinculada a un proceso de produción e circulación destes materiais máis normalizado e, por tanto, indica unha certa complexidade económica e social.

Desde os anos setenta do pasado século, véñse empregando a idea de que a regularidade e simetría dos produtos cerámicos, reflectida dun xeito especial na simetría, é un sinal dunha cadea técnica moi normalizada que reflecte a complexidade social das xentes que a fan nos seus talleres e de quen a usa acotío.

Traballos recentes sobre a simetría e a complexidade social das cerámicas prehistóricas da cultura postalaiótica da Illa de Mallorca e a da Idade do Bronce na chaira chinesa de Chengdu, en Sichuan, 2013, desenvolven a citada hipótese e contrástana con outras fontes arqueolóxicas.

No caso da cerámica de Samos, hai un certo número de formas

asimétricas na súa forma xeral ou pequenos detalles coma a decoración ou as asas, indicativas da súa calidade sinxela lograda, en moitos casos, sen moito esforzo técnico e en pouco tempo.

Todo sinala no mesmo enderezo, de xeito que a asimetría ou irregularidade formal das pezas é coincidente con outros detalles, no sentido de que se trata dun traballo menos complexo có dos outros pobos oleiros e dedicado a un sector con menor poder económico. Así pois, en liñas xerais, confírmase a hipótese escollida para o seu contraste.

Se ben o devandito é certo, convén clarificar a cuestión, desde a perspectiva da cerámica de Samos dentro do conxunto da cerámica popular galega, dun xeito especial co mundo da produción e circulación de cerámicas de distintos niveis técnicos ao longo da historia de Galicia. Desde esta mirada pódese apreciar que no tempo que vai desde a Gallacia, a Galicia romana, polo menos até os nosos días, circularon polo noso territorio diferentes modelos cerámicos ao servizo de distintos grupos sociais diferenciados non só pola economía, senón que, ás veces, por cuestións de índole social e identitario, pois o empre-

go dun tipo de cerámica ou outra era unha forma de afirmación da etnicidade e do grupo social dos usuarios. Na Gallaecia había cerámicas de mesa finas de importación doutros lugares da península Ibérica ou de obradoiros cerámicos moi afastados, como no caso das pezas procedentes de Tunisia ou de Oriente Próximo; ao carón delas había cerámica común moi semellante á doutras terras do Imperio romano e tamén producións locais cun aire tradicional. Cada un dos tipos cerámicos estaba vinculado a un grupo social cun poder adquisitivo e unhas tradicións culturais diferentes dentro dunha unidade sociopolítica semellante.

Até os cincuenta do século pasado e, aínda máis tarde, tiñamos un fenómeno semellante no que a súa natureza se pode sintetizar do seguinte xeito:

1. Cerámica feita nos distintos e dispersos obradoiros de oleiros tradicionais que acudían ás feiras cos seus produtos e eran adquiridos polas xentes do mundo rural de acordo coas súas necesidades, vinculadas á vida cotiá. Tamén algunhas das pezas, dun xeito especial as dedicadas á cociña, tiñan uso nas vilas e con menos frecuencia nas cidades.

2. Cerámica de calidade elaborada en fábricas industriais cunha técnica moito máis elaborada que a anterior e uns sistemas produtivos e de venda masivos dedicados a amplos territorios, destinada en parte aos servizos de mesa das casas das vilas e cidades.

3. Cerámicas de gran calidade técnica e artística feitas industrialmente cun alto nivel de sofisticación e comercialización máis complexo cós anteriores e cunha función moitas veces estética, decorativa, sinal de identidade e de prestixio, máis que de uso cotiá pois en moitos casos era a vaixela empregada en comidas de tipo ritual como vodas, festas, etc.

Cada un dos tipos citados amosa características técnicas e formais distintas e vai destinado a clientes distintos e teñen diferentes usos e significados.

Tratar de entender dun xeito global a cultura galega do pasado ou do presente próximo tan só pola análise dun dos tipos de cerámica descritos sería un erro, pois daría unha visión parcial dunha sociedade moito máis complexa. Para facer un achegamento máis realista á cultura galega, ou de calquera outra do mundo de calquera pe-

ríodo, convén facer unha análise de todas as súas producións cerámicas para entender os seus matices e os diferentes grupos sociais e económicos. Deste xeito, a teoría de que certas características das cerámicas poden ser indicativas de diferentes aspectos da cultura á que pertencen tornase máis efectiva e veraz como instrumento de análise das sociedades do pasado.

A disimetría das pezas, nos aspectos formais sinalados, así como as súas limitacións técnicas corresponden a oleiros sen unha dedicación total ao seu oficio, polo menos na meirande parte das ocasións, que fan os cacharros para un mercado local, sen demasiadas exixencias na súa demanda de cerámicas, para o almacenamento de alimentos e para os traballos cotiáns na cociña.

Esta situación contrasta coa doutras comarcas de Galicia, onde os oleiros viven case, ou totalmente, do seu labor profesional e atenden a demanda de comarcas máis amplas, o que vai asociado a uns produtos de maior calidade técnica e regularidade nas formas como mostra dunha cadea técnica ao servizo da produción dun número elevado de pezas por día

que é a condición necesaria para o seu sustento.

De acordo co exposto, pódese considerar que a simetría das pezas cerámicas é un indicador dun traballo que abrangue os aspectos técnicos, económicos e sociais que, xuntamente con outros datos, permiten facerse unha idea doutros aspectos da sociedade que produce e emprega estes materiais. Agora ben, para poder tirar maior proveito da idea convén ter en conta a análise dos diferentes tipos de cerámicas, de acordo cos seus niveis técnicos dentro do conxunto da cultura á que pertencen, pois como no caso estudado pode haber diferentes formas de produción e consumo das cerámicas vinculado aos diferentes grupos económicos e sociais que o integran.

CERÁMICA E COMPLEXIDADE SOCIAL

Do estudo comparativo dos diferentes complexos cerámicos pódense obter algunhas ideas de interese para o uso da cerámica arqueolóxica como indicador de aspectos sociais. Da súa aplica-

ción despréndense unha serie de propostas para investigar e contrastar co material arqueolóxico.

En España pódense distinguir catro niveis técnicos no traballo da cerámica popular:

- I. Feita á man sen emprego de roda
- II. Uso da roda ou torno baixo
- III. Emprego da roda ou torno alto
- IV. De tipo semellante ao industrial pero con menos desenvolvemento

As cerámicas de Samos pertencen ao nivel III que emprega a roda ou torno alto.

A cerámica con características propias do nivel III, entre as que se poden detectar con relativa facilidade no rexistro arqueolóxico, entre outras, o emprego do torno rápido, unha cocción máis controlada e a maior temperatura polo xeral que no nivel II e unha procedencia de maior distancia, pode ser indicativa de que na súa elaboración interviñeron máis factores dos propios do nivel III que están asociados coas características indicadas. Entre estas poden estar ser un oficio masculino cun

maior grao de dedicación e especialización e maior diferenciación entre patróns e produtores que no nivel II.

Ao tempo, isto formula a posibilidade de que esteamos ante unha sociedade cunha maior produción de excedente e de maior complexidade social e económica, que permite a existencia de compradores e produtores afastados entre si, de posibles intermediarios e dun sistema social que permite as comunicacións a certa distancia.

Pola contra, a presenza de cerámicas do nivel II, detectables no rexistro arqueolóxico polo emprego do torno lento ou equivalente e unha cocción menos controlada, polo xeral a unha temperatura máis baixa, implicaría a posibilidade da existencia dunha serie de características propias deste nivel e dunha sociedade menos complexa, con menor excedente e grao de especialización, así como unha menor circulación das vasillas e de que estas, polo menos en gran parte, estivesen feitas por mans femininas. En todo caso, trátase de hipóteses razoables que deben ser contrastadas coa totalidade do rexistro arqueolóxico do que proceden.



Existe relación entre o maior grao de perfeccionamento da técnica cerámica, a complexidade do seu sistema laboral, as rutas comerciais a longa distancia e a complexidade social. En algunhas das casas onde se compraba cerámica de Buño para as actividades máis elementais da vida cotiá, en especial nas relacionadas coa cociña ou ben como decoración, tamén se atopaba e se atopa cerámica de luxo, porcelana decorada de Sargadelos ou da Cartuja de Sevilla, elaboradas nun sistema técnico, económico e social de tipo industrial, traídas de longa



Formas tradicionais da
cerámica popular
SAMIOS

distancia, caras e que só estaban ao alcance dun reducido número de persoas que mediante o seu uso ou exhibición, en especial en ocasións cerimoniais, como en festas e ritos de tránsito, marcaban o seu estatus social elevado.

A existencia deste tipo de cerámica dábase dentro do contexto dunha sociedade de tipo estatal que garantía e garante o desenvolvemento das condicións técnicas, económicas e sociais para que se dea a produción e o consumo deste tipo de bens.

Por iso, a presenza no rexistro arqueolóxico de cerámicas deste tipo é indicativa de que se dan as condicións necesarias para a súa existencia, o cal, a maiores de ser unha verdade de don Perogrullo, debe alertar o arqueólogo sobre este feito para que indague a natureza deste tipo de sociedade e as súas relacións con outras, no caso de que a cerámica sexa importada. A súa presenza nun depósito, se a enfocamos dende o punto de vista holístico usado ao longo da investigación, ten gran interese porque a súa análise minuciosa pode proporcionar valiosas indicacións sobre as sociedades do momento.

A cerámica feita a torno lento está asociada a zonas deprimidas do mundo rural e ausente nas zonas ricas e de maior complexidade social, polo cal podemos elaborar o modelo de que a presenza da cerámica deste tipo nun depósito arqueolóxico pode ser indicativa dunha actividade doméstica feminina nunha cultura dun nivel de escaso desenvolvemento económico e complexidade social. Sempre cun criterio relativo, pois non esquezamos que existe o comercio, que pode levar os obxectos moi lonxe e situalos en contextos moi distintos onde foron producidos e que, nos anos setenta, existían os catro modos de facer cerámica popular a maiores de diferentes niveis de cerámica industrial nun só país como España ou Hungría, por exemplo.

En todo caso, sirva como hipótese de traballo para contrastar cos datos arqueolóxicos a correlación entre a sinxeleza técnica na elaboración da cerámica, o escaso desenvolvemento económico e a ausencia de complexidade social e que resulta igualmente válida a contraria: que á maior complexidade técnica na elaboración da cerámica lle corresponde maior desenvolvemento económico e complexidade social.

De acordo co cadro anterior, os contrastes entre ambos os dous tipos de técnica son moi fortes, ata o punto de poder consideralos como dous complexos cerámicos distintos, cada un coas súas facetas peculiares.

Talvez as diferenzas mencionadas entre os niveis II e III sexan debidas a factores de tipo histórico. O torno rápido ou alto, III, inventado milenios máis tarde que o lento ou baixo, II, foi desprazando a estes nos alfares debido á vantaxe que supón a súa maior facilidade de emprego e a maior produtividade, pois no mesmo período de tempo o III produce máis dun 30% de vasillas que o II.

O torno lento quedou relegado a zonas de economía pobre, onde a agricultura é unha actividade económica importante e a olaría é un complemento moi secundario.

O torno rápido, por esixencias de tipo económico, foi incorporando aos sucesivos progresos técnicos tales como: novos tipos de fornos, vidrado, etc., mentres que o II, limitado a un proceso económico menos desenvolvido, permaneceu á marxe destas novidades técnicas e conservou unha serie de arcaísmos ata os nosos días. Na

TEMA	RODA ALTA	RODA BAIXA
Extracción e preparación do barro	Traballo sinxelo, manual sen medios mecánicos.	Moi semellante, a menor escala.
Elaboración das pezas	Traballo de homes no modelado. Maior produción.	Emprego do urdido. Na maioría dos casos é traballo de mulleres. Menor produción.
Vidrado	Moi frecuente	Moi escaso
Fornos	Tipos desenvolvidos	Moi arcaicos
Técnica de cocción	Lume oxidante. Cerámica vermella.	Lume reductor. Cerámica negra ou de cor escura.
Área de venda	Ampla	Máis cativa
División do traballo por xéneros	Só os homes traballan na roda e dirixen as fornadas.	As mulleres traballan na roda baixa.
Economía	A miúdo, a olaría é un complemento da agricultura. En ocasións é a actividade principal que pode chegar a ser exclusiva.	É case exclusivamente un complemento da agricultura.
Organización laboral	Familiares, familiar con algún traballador alleo e, en ocasións, obradoiros empresariais.	Familiares
Decoración	Pintura, vidrado e incisións	Incisións, apliques de tiras de barro, impresións de uñadas.
Crise	Alteracións cuantitativas e cualitativas.	Grave recesión, moito máis forte.

Cadro comparativo dos niveis dos centros oleiros de Galicia.

actualidade, a crise da cerámica aféctalle con moita máis forza ao nivel II que ao III, xa que este, en parte, se adaptou ás novas esixencias mentres que o outro, por conservar o seu sistema tradicional, sufriu unha forte recesión e, de seguir sen cambios, desaparecerá en poucos anos.

Para saber máis:

García Alén, L. (1983) *La alfarería de Galicia*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

Kuei-Chen Li (2013) *Pottery Production and Social Complexity of the Bronze Age Cultures of the Chengdu Plain*. Sichuan, China. UCLA.

Vázquez Varela, J.M. (1973) *Cerámica Popular en Galicia*. Cuadernos del Seminario de Estudios Gallegos. A Coruña: 11-23.

· (1974) "Algunos aspectos de la cerámica popular gallega". Extracto de tese doutoral. Publicacións da USC.

· (2005) *Cerámica popular de Galicia: Etnología y Etnoarqueología*. *Brigantium*, 17. Museo Arqueológico e Histórico Castelo de San Antón. A Coruña.

Índice

<u>Presentación</u>	8
<u>Persoas</u>	14
<u>Formas</u>	22
<u>A Roda</u>	28
<u>Os fornos</u>	34
<u>As feiras</u>	42
<u>O oficio</u>	50
<u>Bibliografía</u>	54
<u>Abreviaturas</u>	55
<u>Pezas</u>	56
<u>Outras pezas e formas tradicionais</u>	258
<u>Arqueometría da cerámica popular de Samos</u>	280
<u>Unha ollada etnoarqueolóxica sobre a cerámica popular de Samos: funcionalidade, simetría e complexidade social</u>	312

